Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-04-16 09:09:08.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2024-04-15 13:04:37.00)
CVD: 3SWapubvqS+UjNr4ilHy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Número 4 - Ano 2024**

**ACTA**

**da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**25 de xaneiro de 2024**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ e abandona a sesión, antes de levantarse esta, DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE que o fai ás once horas e cincuenta e cinco minutos.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 22 de xaneiro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/5 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**PROPOSICIÓNS**

2/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 22/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ (Exp. 2024/G004/000022).

3/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 23/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PROMOCIÓN E IMPULSO DUN PLAN DE ORDENACIÓN DA TERRA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS (Exp. 2024/G004/000023).

4/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A MELLORA DA ILUMINACIÓN EN DIFERENTES ZONAS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000024).

5/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONVOCATORIA DUNHA MESA DE TRABALLO PARA ESTUDAR A UBICACIÓN DA PRAIA FLUVIAL CO OBXECTIVO DE QUE ENTRE EN FUNCIONAMENTO NO VERÁN DESTE ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000025).

**B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>**

**ACTAS E GOBERNO**

6/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2024/G004/000001).

7/11 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000004).

8/12 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 464/2024, DO 19 DE XANEIRO DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 19-1-2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

**INTERVENCIÓN**

9/13 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2024.

**TESOURERÍA**

10/14 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DITADAS NO MES DE DECEMBRO DE 2024.

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CUMPRIR AS ORDENANZAS FISCAIS E SE COBREN OS SERVIZOS MUNICIPAIS NOS PRAZOS ESTABLECIDOS.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE POÑAN EN MARCHA ACCIÓNS FORMATIVAS EN CONCORDANCIA COAS NECESIDADES DO MERCADO LABORAL DO NOSO CONCELLO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CONVOCAR A COMISIÓN DO RUEIRO Á MAIOR BREVIDADE.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES E COMECE A FUNCIONAR O TAXI A DEMANDA NO RURAL DE LUGO.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN DO CENTRO DE LUGO.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS EXPROPIACIÓNS DE TAPÓNS URBANÍSTICOS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 33/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO DE MAGOI.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 34/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DE ESCRITURAS AOS VECIÑOS DO BARRIO DA CROA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/5 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023.**

Vista a proposta do Secretario Xeral do Pleno accidental, do 19 de xaneiro de 2024, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno o día 26 de outubro de 2023 celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes, da que se levantou a correspondente acta que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada polo secretario xeral do Pleno en funcións en polo alcalde presidente en funcións.

Por todo o exposto, proponse a adopción do seguinte acordo:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 26 de outubro de 2023.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 26 de outubro de 2023.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### PROPOSICIÓNS

2/6 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 22/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ (Exp. 2024/G004/000022).**

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O obxecto dunha ordenanza é o de preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, de xeito que todas as persoas poidan desfrutar dos espazos públicos que ten o noso concello co debido cumprimento de normas sociais baseadas no respecto.

Nese sentido, a elaboración dunha Ordenanza de convivencia cidadá é fundamental para que as persoas poidan desenvolver en plena liberdade as súas actividades cotiás, como son a circulación, o lecer ou as reunións, respectando en todo momento a dignidade e os dereitos dos demais, e que ao mesmo tempo sirva para dotar a Policía dunha ferramenta fundamental para o desempeño das súas funcións.

Dende o Grupo Municipal Popular, entendemos que é imprescindible que a nosa cidade conte cunha ordenanza que estableza unhas pautas de comportamento cívico, dirixido precisamente a garantir a liberdade de toda a cidadanía, preservando o patrimonio urbano e natural, así como os bens públicos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular que subscribe considera de interese municipal que ou Pleno da corporación municipal acorde instarlle ao equipo de goberno a:

Elaborar unha Ordenanza de convivencia cidadá que refunda nun só texto todas as condutas relacionadas coa convivencia que figuren noutras normas municipais, así como outras novas como poden ser “gorrillas”, desordes leves...”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

- **Votos a favor**: 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ó portavoz do Partido Popular. Neste caso...

**- ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Bien, buenos días. Muchas gracias, señora alcaldesa. No es la primera vez que debatimos en este salón de plenos sobre la necesidad de la asistencia de una ordenanza de convivencia.
Entendemos que es imprescindible que nuestra ciudad cuente con una norma que establezca unas pautas de comportamiento cívico encaminadas a garantizar la libertad de toda la ciudadanía, reservando tanto el patrimonio urbano y natural, así como los bienes públicos.
Es por lo que traemos de nuevo para su aprobación una moción donde nuestro grupo vuelve a solicitar el elaborar una ordenanza que refunda en un solo texto todas las conductas relacionadas con la seguridad ciudadana y el civismo que figuran en otras ordenanzas municipales, así como otras nuevas que no están reflejadas en ninguna y que creemos que deben ser objeto de regulación.
Desde el Partido Popular pensamos que el Ayuntamiento de Lugo debería tener en cuenta los prejuicios que se producen por la falta de comportamiento de algunos, en contra del recto proceder de la mayoría de los lucenses.
No se trata de criminalizar a nadie, sino de actuar contra todos aquellos que de una forma constante y reiterada practican indiscriminadamente determinadas conductas que alteran la paz y la tranquilidad del resto de la ciudadanía, a la vez que producen

el deterioro de nuestro patrimonio con el consiguinte gasto para las arcas municipales.
Situaciones como desórdenes leves, actos contra el civismo, los gorrillas, suciedad, conductas encubertias mendicidad, ruidos en el interior de la vivienda, vandalismo que non provocan daños. Pensamos que deben regularse en este documento y sea un punto de encuentro donde los lucenses puedan desarrollar en libertad sus actividades con pleno repeto a la dignidad y a los derechos de los demás.
Debatimos en otra sesión plenaria sobre la seguridad en nuestra ciudad y apuntamos la necesidad de la instalación de cámaras de vigilancia, petición que reiteramos.
Este tipo de instrumentos garantizan la seguridad de las personas y sirven a la vez para identificar a todos aquellos que atentan, por ejemplo, contra nuestro patrimonio. Localidades como Monforte de Lemos recientemente no solo acaban de colocar cámaras para el control de tráfico, sino que también para garantizar la seguridad ciudadana y su patrimonio. En definitiva, el único objeto que se pretende con esta ordenanza es garantizar la seguridad y la salud pública. Son muchos los Ayuntamientos de España que cuentan con ese tipo de documento y la propia Federación Española de Municipios y Provincias tiene una ordenanza tipo para todos aquellos que quieran implantarla.
Solo pedimos desde el Partido Popular que se elabore una ordenanza con el consenso de todo el mundo.
Grupos políticos, asociaciones de vecinos, técnicos municipales directamente implicados, la Policía Local y todos aquellos que puedan aportar algo con el único fin, que los que cometan algún tipo de infracción sepan que están obligados a mantener un comportamiento cívico en el ámbito público.
Los Ayuntamientos, el nuestro también, no solo no pueden mantenerse al margen, sino que están obligados a velar por el cumprimiento de las normas, así como garantizar la seguridad y el bienestar de sus conciudadanos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois ten a palabra a portavoz do Goberno.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bo día a todas e a todos.
Bueno, como xa tamén dixo o portavoz do Partido Popular no seu día, presentouse unha proposta similar. E esa proposta xerou un rexeitamento e un disenso social importante. O Concello de Lugo, o Goberno neste caso nesa escoita activa á veciñanza decidiu a non elaborar esa normativa e mantémonos nesa posición, xa que o Concello de Lugo conta cos mecanismos suficientes de disuasión e vixilancia, control de resolución dos problemas e este goberno, este Concello, traballa continuamente con esmero, o que permite velar pola seguridade e protección cidadá dun xeito permanente e rigoroso en base ao compromiso adquirido deste goberno cos veciños e veciñas.

Xa no seu día se trasladaron unha serie de datos no que España, estatísticamente, é un dos países máis seguros do mundo, ocupando no ano 2022, últimos datos que recollo, o número 16 de entre os 48 estados máis seguros.

Este informe foi elaborado polo Instituto para a Economía e Paz e mide tamén a posición relativa das nacións e rexións, referindo que se calquera cidadán elixise unha comunidade autónoma para vivir tranquilo, Galicia sería a súa primeira e mellor opción.

E por provincias tamén destacado que a clasificación de cidades máis seguras encabeza Lugo.

Lugo está por tanto, como ratifican, datos da Policía Nacional, entre as capitais de menos incidencia criminal que presenta todo o Estado español.

Como dicía, as infraccións que se cometen en Lugo como en calquera outro lugar de España e do mundo, Lugo non vai ser distinto, é algo común a todas estas cidades, pero si lles podo dicir, para máis tranquilidade e tamén da finanza que ese 60% dos delitos que se cometen no noso municipio, segundo datos oficiais que traslada a Subdelegación do Goberno son de tipoloxía leve.

Aínda así, preocupámonos e ocupámonos de todos e cada un deles, poñendo os medios necesarios para resolvelos rapidamente e do xeito máis eficaz.

Cada semana a alcaldesa reúnese coa Policía Local, cos Bombeiros, e fan un seguemento da situación da cidade, cuxo contido, por razóns de seguridade, loxicamente, é de natureza reservada. E obsérvanse as necesidades que hai dentro do municipio e que presenta as diferentes actuacións que en cada momento puntual, en cada barrio ou parroquia, son necesarias e que operativos se van trasladar de xeito máis adecuado para controlar estas situacións.

Igualmente, tamén se celebran reunións operativas en coordinación coa Policía Nacional, tamén de carácter reservado polos motivos antes expostos, das que se elabora unha acta. E figuran, entre outros aspectos, as investigacións en curso, a labor conxunta de ambos corpos e o traballo que se vai realizar.

Por poñerlles algúns datos, en Lugo, no ano 2023 leváronse preto de 200 intervencións relacionadas só coa seguridade cidadá coas que se atallaron diversas incidencias e intervencións non casuais, senón froito dun traballo previo de investigación centrada na detección da problemática que nun momento e outro pois necesitaron atención e localización concreta, permitindo, grazas a estes corpos de seguridade, deseñar as actuacións máis oportunas e eficaces para combatelas.

Cos medios postos á disposición, queremos trasladarlles que, con empeño de velar pola seguridade e a protección cidadá no Concello, incrementouse nos últimos anos, tanto polas actuacións e especificación das actividades como no aumento dos cadros de persoal, tanto da Policía Local como dos bombeiros.

E, ademais, dende o 2022, o Goberno central tamén está incrementando como nunca os efectivos da Policía Nacional e da Garda Civil, por tanto eu creo que o traballo se está a facer e seguimos na mesmo compromiso de non neste momento á ordenanza de convivencia cidadá.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Rozas.

**- ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Mire, su intervención me recuerda exactamente igual a la que tuvo la que en su momento era portavoz del equipo de Goberno y hoy es alcaldesa, cuando nuestro grupo trajo en sesiones anteriores el dotar a la ciudad de unas zonas determinadas para incidir sobre ellas para atajar todo lo que nosotros sabemos que es lo que está ocurriendo. Las estadísticas pueden decir lo que quieran. Ustedes saben que la percepción de la calle no es esa y de hecho cuando nosotros venimos aquí y trasladamos estos, no es porque el Partido Popular crea que eso ocurre, que también, sino porque recibimos de alguna manera todas las indicaciones de todos los ciudadanos en esa línea.

Mire, hay ordenanzas que se están aplicando en este Ayuntamiento de Lugo del año 1996, que están caducadas, están desfasadas y lo único que pretendemos con esta ordenanza es reajustarlas a la situación actual e incluírlas dentro de la misma, porque sí que de alguna manera dependen del tema del que estamos hablando.

Hay ordenanzas como la de los Gorrillas que se está actuando con ella con el Reglamento general de la circulación por ocupación de vía pública y dejamos a margen todo tipo de insinuaciones, todo tipo de... ¿cómo se dice? De atosigamiento, todo tipo de coacciones, que es lo que realmente está ocurriendo.

Si nosotros seguimos mirando para otro lado y no nos hacemos eco de lo que realmente está ocurriendo por muchas intervenciones que haya, que no las voy a poner en duda. Pero, insisto, la percepción de la calle es completamente distinta, no vamos a dar un paso adelante y avanzar.

Además, no estamos pidiendo nada que no ocurra en otras ciudades. La propia Federación Española de Municipios y Provincias recomienda este tipo de ordenanzas, incluso tiene, como decía antes, una ordenanza tipo para que todo el mundo se acoja a ella. En anteriores debates aquí se ha reconocido el esfuerzo que se ha tenido en estos últimos años de dotar a la Policía Local de más medios con relación a otras épocas anteriores que es mejor ya no recordarlas. Precisamente también bajo gobiernos socialistas, pero la realidad en este momento, la realidad actual es: hay una demanda ciudadana por un tipo de incidencias que están ocurriendo en nuestra ciudad, que nosotros pensamos que puede ser un buen momento para recogerlas, refundirlas y, de alguna manera, que sea un documento que sirva para actuar con estas personas, mínimas, que realizan actos incívicos y que de alguna manera lo único que están haciendo es perjudicando a la mayoría de los lucenses, que sí que tienen un comportamiento normal, ¿no?

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra portavoz.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Nós sabemos. Nós fiámonos máis dos datos que nos traslada a Policía Local ou os corpos de seguridade, que creo que atenden a esas peticións e preocupacións que traslada a cidadanía.

Mire, a percepción da calle é con quen vostedes falan, porque, dende logo, as políticas de goberno que están querendo instaurar esa cultura do medo, e a ordenanza tipo á que se refire foi levada a ese debate no seu día e, como lle dicía ao principio, pois pretendimos facer esa escoita activa, na que a maior parte dos colectivos, así como dos grupos e políticos e da sociedade coa que falabamos, non estaban de acordo con esa ordenanza tipo.

Entón permítame que, dende o goberno discrepemos no "nosotros sabemos" porque entendemos que o Partido Popular desde o seu punto da oposición, pois ten que facer esas aportacións. Pero vólvelle repetir, que grazas ao traballo que se leva a cotío, como lle dicía, Galicia é a mellor comunidade do mundo para vivir e Lugo a cidade máis segura.

É unha labor que se desenvolve dun xeito permanente e rigoroso.

Xa estamos a facer, e seguiremos facendo, sempre en base ao máximo compromiso que temos dende a administración local para dotar de medios técnicos e humanos, e tamén desde a responsabilidade pública que nos trasladou a confianza de veciños e vecñas para traballar con eficacia e atender as indicacións que os corpos de seguridade, que creo que teñen máis coñecemento da situación real, da cidade e das inquedanzas da veciñanza traballar en función a iso.

Por iso, repítolle, que nos mantemonos no rechazo desta ordenanza de convivencia, e para ir rematando, os delitos que se cometen en Lugo, que poden ser clasificados como moi ben sabe, en graves, menos graves e de lesións e riñas tumultuarias, ou ás que vostedes aluden nesta proposición, diminuíron nos últimos anos en Lugo.

Pasaron, segundo os datos que manexamos, do 21% ata a aproximadamente o 18% nos outros anos.

Polo tanto, eu creo que desde o indicado apostamos en Lugo pola educación, pola sensibilización no sitio da sanción, activando campañas de concienciación, porque entendemos que son a forma de fomentar o respecto e a tolerancia dende idades temperás para impedir esas condutas incívicas coa finalidade de previr infraccións ou accións que poidesen comprometer a convivencia. E cremos que a cidadanía de Lugo ten suficiente.Grazas.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o señor Rozas.

**- ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Si me permite y sin acritud, yo creo que hablan poco con la gente. Quizá por eso tengan 8 concejales y nosotros seamos 12. Porque sí que la gente con la que hablamos nosotros es mucho mayor con la que hablan ustedes, y la percepción que usted plantea y dice aquí no es exactamente la misma.

Le hemos trasladado lo que nosotros escuchamos y nosotros pensamos, lo que nosotros queremos y lo que hace un gobierno socialistas en otros ayuntamientos de España como son ustedes. Y no se trata de demonizar a nadie como dije en mi intervención, sino buscar un punto de encuentro para que los que cometan algún tipo de irregularidad de alguna manera no enturbien la paz de esta ciudada, a la

que no tienen derecho a vivir en esa situación el resto de los ciudadanos. Nada más.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señor Rozas, creo que están suficientemente reguladas todas as condutas que poidan afectar á nosa convivencia.
Lugo, como lle dicía a portavoz, é unha cidade segura. Non o dicimos nós, dino, e así están as estatísticas que acaba de expoñer a portavoz, os corpos e forzas de seguridade.
E si é certo que a mesma postura que mantiven eu como portavoz e defendín neste pleno, porque imos cambiar dun día para outro, como comprenderá, porque esa é a realidade e ademáis é o obxectivo.
Lugo, como lle digo, é unha cidade segura. Faille dano a Lugo que algúns intenten dar esa imaxe de cidade insegura. Estanlle facendo dano á cidade, estanlle facendo dano á cidade. Polo tanto, miren eses datos obxectivos e, polo tanto, apelo á súa responsabilidade.
Imos votar.

3/7 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 23/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PROMOCIÓN E IMPULSO DUN PLAN DE ORDENACIÓN DA TERRA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS (Exp. 2024/G004/000023)**.

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"A ordenación do territorio e a recuperación da terra agraria en desuso está sendo un dos alicerces sobre os cales se están centrando as políticas públicas para xerar actividade no rural e, deste xeito, ampliar a base de posibilidades laborais neste e, polo tanto, fixar poboación. Unha da ferramentas que perseguen este obxectivo é a figura das permutas á hora de poñer en valor a terra agraria e favorecer a redimensión das explotacións agrícolas e gandeiras, e ao tempo configurar un procedemento de xestión da terra aplicable de xeito correcto e eficaz cumprindo cos criterios delimitados nas leis de referencia, como son a Lei de mellora da estrutura territorial agraria(METAGA) e da Lei da recuperación da terra agraria de Galicia.

A Xunta de Galicia aprobou no ano 2016 o programa de impostos cero no rural. A medida ten como obxectivo favorecer a mobilidade de terras, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo con menos custo. Para iso, ten vixente a dedución do 100% na cota nas transmisións inter vivos e agrupacións de solo rústico e nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario. Máis nas últimas datas acaba de poñer en marcha unha nova liña de axudas para afrontar os gastos notariais e de

inmatriculación de predios obxecto das permutas de interese agrario. Estas medidas pódense e débense complementar dende as administracións locais como o Concello de Lugo.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

- Que o Concello de Lugo, en colaboración co GDR-4, promova e impulse a divulgación e comunicación da ferramenta de permutas no seu territorio rural, en especial naqueles núcleos rurais onde as actividades gandeiras, agrícolas ou forestais conformen o seu motor económico.
- Que o Concello de Lugo habilite unha liña de subvención dotando dunha partida orzamentaria destinada a sufragar parcialmente os custos que os titulares dos predios que queiran participar no programa de permutas voluntarias se vexan obrigados a satisfacer derivados da formalización de escrituras, gastos de xestión, impostos etc. por valor de 25.000 €.
- Que o Concello de Lugo elabore un plan para incentivar as agregacións de terreos co obxectivo de favorecer a competitividade do sector primario, aplicando bonificacións ás taxas e impostos de parcelas como: plusvalía, taxa para a tramitación da licenza, proxecto técnico etc. co fin de conseguir terreos de maior superficie, que permitirá unha maior competitividade para o sector gandeiro, agrícola e forestal."

Visto, así mesmo, a emenda "in voce" presentada no transcurso do debate polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, consistente en modificar a parte dispositiva da proposición presentada, segundo o seguinte:
1º. Manter o primeiro punto dispositivo tal e como está recollido da proposición.
2º. Modificar a redacción do punto dispositivo segundo que quedará do seguinte xeito: *Que segundo establece a lei 11/2021, de 14 de de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o Concello de Lugo estude establecer un convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, titular na materia, para cooperar con ela no cumprimento dos obxectivos da lei mediante, entre outras funcións de intermediación e acompañamento, tal e como se recoñece na mesma.*
3º. Eliminar o punto dispositivo terceiro.

E tendo en conta que a dita emenda é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coas modificacións introducidas pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo, en colaboración co GDR-4, promova e impulse a divulgación e comunicación da ferramenta de permutas no seu territorio rural, en especial naqueles núcleos rurais onde as actividades gandeiras, agrícolas ou forestais conformen o seu motor económico.

SEGUNDO.- Que segundo establece a lei 11/2021, de 14 de de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o Concello de Lugo estude establecer un convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, titular na materia, para cooperar con ela no cumprimento dos obxectivos da lei mediante, entre outras funcións de intermediación e acompañamento, tal e como se recoñece na mesma.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a portavoz do Partido Popular.

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día a todas e todos e moitas grazas. Hoxe traemos aquí unha iniciativa para abordar unha parte moi importante da cidade. No plano territorial, que é o noso rural, pero tamén no plano económico, que é o sector primario. Dende o punto de vista da produción é unha iniciativa que pode axudar a que as industrias do sector primario, do leite, da carne, en definitiva, da produción de alimentos que tiveron ese grande recoñecemento en momentos tan difíciles que xa parece que imos esquecéndonos, que foi a pandemia, pero tamén nesta cidade temos o privilexio de ter industrias transformadoras, cando poñemos a cifra, se damos datos, de que Galicia produce o 40% do leite que se bebe en España.Esa porcentaxe ten un protagonismo e ten un marcado carácter lucense.
Con esta realidade socioeconómica, estando dentro dos obxectivos de calquera goberno local axudar e apuntalar eses sectores estratéxicos, aproveitando os mecanismos que neste momento hai en vigor, e aquí enlazo coa aprobación da lei 11/2021 de recuperación de terra agraria, que marcaba retos que seguro que todos os que hoxe estamos aquí compartimos. A posibilidade de que o sector primario teña máis ferramentas para ser máis sostible, para ser máis competitivo...
Dentro de todo iso, e estando en Galicia, e sendo moi coñecedores do minifundismo que nos afecta, un dos principais problemas para esa sostibilidade, para esa dimensión competitiva, está, precisamente, na posibilidade de ampliar a base territorial das explotacións.

Esta lei dá varios instrumentos, evidentemente aposta polas concentracións parcelarias, instrumento que xa coñecemos e que en moitos casos foi máis lento do que nos gustaría, pero que deu solucións, poligonos agrarios, aldeas modelo....

Pero o que máis pode ser aplicado é que entendemos que ademais hai exemplos en concellos cercanos da mesma comarca. Pois refírome a Friol, refírome a Guntín, refirome a Outeiro de Rei, onde moitos dos productores do Concello de Lugo ata comparten moitas veces propiedades con estes Concellos, puxeron a través do Grupo de Desenvolvemento Rural, unha ferramenta que foi as permutas.

Hai xa uns anos, dende o ano 16, Galicia aprobou unha medida para outorgar impostos cero no rural, onde determinadas transaccións, dende o punto de vista fiscal, están exentas de impostos, pero é indudable, que aínda que non moi elevados, si que levan uns gastos, de escritura, notarial...

E aí é onde pedimos unha implicación na parte económica, moi pequena, de feito esta, no que aos orzamentos se refire, aféctalle e ten un impacto moi pequeno.

No punto 2 da proposta de acordo cuantificamos en 25.000 euros, pero ata incluso iso é negociable ou ata incluso ofrezo a votación por puntos, non?

Porque do que se trata, en definitiva, é de liderar ese proceso, non? Trátase de liderar dende as parroquias, man a man, pois cos nosos agricultores e gandeiros, ese intercambio de fincas, ese intercambio de parcelas, agora que o Plan Xeral xa está aprobado na súa totalidade, agora que as segregacións están moito máis clarificadas, hai máis certezas...

Pois creo, honestamente, que é unha oportunidade que non debemos perder. O grupo de desenvolvemento rural é un instrumento, dende o meu humilde punto de vista, desde este Concello, moi infrautilizado.

En cambio, outros concellos si o están aproveitando. Xa non só, insisto, na parte económica, que permite concurrir a axudas. Aquí algunha iniciativa privada si se beneficiou, pero dende o Concello, dende hai moito tempo ten un escaso ou nulo liderado neste grupo de desenvolvemento.

E, resumindo, porque o tempo se esgota, aínda que é un asunto creo que moi importante para a economía deste concello, o que pedimos é que, en colaboración co GDR, promova e impulse, primeiro a divulgación e a comunicación desta ferramenta de permutas neste territorio, que habilite unha liña de subvención cuantitativamente insignificante para eses orzamentos expansivos que están a punto de aprobar.

E, insisto, cuantificabámolo en 25.000 euros, poden ser menos, e o máis importante, que se elabore un plan para incentivar as agregacións de terreos co obxectivo, insisto, de favorecer a competitividade do sector.

Evidentemente, para isto é imprescindible, que collan outro ritmo no servizo de urbanismo, e non está de máis recordar que na última Xunta de Goberno, 0 licencias ían nesa orde do día, non? Pero eses son outros asuntos que terán o seu debate. Neste caso a petición creo que é clara.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois ten a palabra a portavoz do Goberno: González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Pois, efectivamente, a nós é un tema de máxima importancia e estas leis que no seu día, no 2015 concretamente, propuxo a Xunta de Galicia de recuperación da Terra Agraria que para formar un corpus lexislativo aunando pois todas aquelas normas e outros regulamentos para aproveitar a mellora estrutural da Galicia agraria.

E dentro dos obxectivos que nós compartimos como Partido Socialista, como goberno tamén deste municipio, mellorar a calidade de vida do rural, dotándonos dese conxunto de normas xurídicas para construír un rural e dotalo de todos aqueles recursos necesarios para promovelo como forza motora da economía e da sociedade luguesa.

Pero lendo nesta lei, ademáis que fan vostedes referencia na proposición presentada, fala de diversos obxetivos para... Vou enumerar moi poucos: promover a recuperación produtiva das terras agrícolas, coordinar as actuacións das diferentes administracións, coñecer de xeito preciso e veraz a estrutura da propiedade rústica, facilitar a posta en contacto entre persoas emprendedoras e proxectos agroforestais, favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal e recoñecer o papel da muller en condicións de igualdade no rural, a remuda xeracional.

Pero para todo iso, na sección segunda desa lei crean a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é a responsable de levar canto menos dous dos puntos que vostedes establecen nesta proposición. Nós, como Concello, claro que estaríamos dispostos a ser entidade colaboradora, pero dentro do marco da lei, que para iso se traballou aunando todo o compendio normativo e crear esa entidade colaboradora a través do convenio pertinente para chegar aos acordos necesarios para promover o espallamento do rural.

E digo, esta axencia galega ten unhas competencias que vostedes marcan na proposición, que é esa estratexia de crear os plans integrados, supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento, deseñar os programas e executar as medidas de recuperación, promover e fomentar a cooperación entre os distintos axentes públicos e privados, adquirir, allear, permutar e arrendar predios e edificacións no rural, explotacións agrarias e calquera outro ben de natureza rústica e, polo tanto, elaborar en conxunto con todos os actores e intervintes unha acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, na que entendo que Lugo non estaba contemplada ata o de agora.

Vostede mencion ou algúnsconcellos que formaban parte dese plan piloto anterior e, polo tanto, dende o Concello traballaremos para que Lugo entre a formar parte dese plan de acción, que é responsabilidade da axencia galega.

Poñendo os obxectivos claros, os orzamentos e recursos materiais e humanos que as entidades colaboradoras precisen. Polo tanto, eu creo que estamos de acordo no fondo da proposición, porque o queremos é dar ese pulo ao rural, para que o rural siga vivo e se manteña e incremente todo o seu potencial, pero non se nos

pode, coma sempre, outorgar aos concellos unha responsabilidade que é da Xunta de Galicia.
Polo tanto, na miña segunda intervención trasladarei unha enmenda que entendo que contempla as súas proposicións e ademais unificaba os criterios que dende o goberno entendemos máis xustos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a portavoz do grupo Popular.

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Tiña que empezar e dándolle primeiro aos parabéns pola súa actual responsabilidade. Non sabía que ía levar vostede o asunto. E tamén lle agradezo o ton e a actitude, que creo que, honestamente, melloramos bastante, polo menos na intervención e na actitude positiva e conciliadora.
A maiores diso, en aras de buscar un entendemento, é difícil aceptar unha emenda se non se le. Se se me permite, incluso nos termos da participación efectiva no debate das iniciativas, paréceme, non vou dicir ilegal, pero dende logo un abuso, que se permita todo o debate da iniciativa sen saber o que me vai propoñer. Que, en todo caso, se realmente quere un consenso, pois polo menos teremos que coñecela.
Dito iso, a lei non é do ano 15. No ano 16 aprobouse unha bonificación fiscal para tributos cero no rural e a lei é do ano 21.
O Grupo de Traballo e a Axencia, Agader, que era a que vostede apuntaba, xa existía antes e é certo que esta lei lle deu máis instrumentos e máis recursos.
Pero entendo, entendemos, e de feito hai casos de distintas cores políticas, porque os grupos de desenvolvemento rural están integrados polos concellos e os concellos teñen alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas. Como non pode ser doutro xeito.
Nese escenario, que probablemente non coñeza, porque lle podo confirmar que unha vez reunida en varias ocasións cos responsables do Grupo de Desenvolvemento Rural, confirmáronme que nunca asistiran nin tiveran ningunha reunión co Concello de Lugo.
É difícil coñecer o instrumento, que non llevou dicir cando se formou porque xa creo que podería chegar a ruborizarse. É un instrumento moi útil que todos os concellos están aproveitando e aquí non se trata de competencias, porque por moito que relea a lei, non llevai atribuír a competencia á Xunta de Galicia.
Eu xa sei que no argumentario vostedes cando lle preparan, ou preparan vostedes as intervencións, collen os tres ou catro primeiros parágrafos, e con ese empeño en desgastar a administración autonómica, agora xa sabemos cal era o obxectivo fundamental, pois calquera cousa, sexa de dinamismo económico, sexa de infrastruturas, sexa de política social. O obxectivo é intentar trasladar unha imaxe negativa da Xunta de Galicia, pero neste caso creo que se equivocan. Porque, insisto, se o problema é a parte económica porque sabemos a situación complicada na que derivou despois da súa xestión a economía deste concello, pois ata o

podemos entender, retiren vostedes o punto 2 e votemos o primeiro e o segundo, que é absolutamente compatible se, efectivamente, comparten o que vostede dixo na súa intervención.
Porque, mire, os datos e as estadísticas son como os borrachos e as farolas, podemos apoiarnos neles para xustificar o que queremos dicirou podemos iluminarnos. E a min gustaríame que nos iluminásemos, porque aquí a petición é máis ben un punto e seguido para traballar por un sector que para nós nos parece...

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Doulle a palabra á portavoz do Goberno.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Non falo de competencias, linlle directamente e textualmente a lei á que se refiren na súa proposición. Polo tanto, non desgastamos a ninguén, senón que intentamos cumplir a lei.
E non... Digo porque me quedo sin tempo, e foi o motivo porque non lin a emenda anteriormente, pero ía ben encamiñada no que dicía. A enmenda do grupo municipal socialista consiste, ao abeiro da normativa vixente, manter o punto primeiro do acordo, aínda que tamén lle teño que indicar que dende a Oficina do Rural de Lugo xa se está a realizar esta divulgación e esta información.
E o segundo punto propoñemos que e que sexa a seguinte redacción, que segundo establece a lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o Concello de Lugo estuda establecer un convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, titular na materia, para cooperar con ela no cumprimento dos obxectivos da lei mediante, entre outras funcións, de intermediación e acompañamento, tal e como se recoñece na mesma.
E o punto terceiro, quedaría eliminado. Non por capricho, senón porque consultado cos técnicos correspondentes, os técnicos municipais nin a regulación actual das taxas nin a regulación das plusvalías permiten establecer as bonificacións propostas sen que caiba ningún tipo de discrecionalidade para que o Concello conceda un beneficio fiscal non previsto nesta lei, pero si previsto noutras leis, tanto estatais como autonómicas e das que ten responsabilidade a Xunta de Galicia.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Pois doulle a palabra á portavoz do Grupo Popular.

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pois, honestamente, voulle aceptar, porque o importante de todo isto é que arrinquemos, como digo eu, nunha actitude non continuísta. E que lancemos á poboación, despois de todas estas dúas semanas de incertezas e de preocupación, que, efectivamente, temos a unha capacidade de consenso e, evidentemente, as palabras demóstranse cos feitos.
Máis que nada porque vostede o que está pedindo é o que recolle a lei no artigo 66.3, o que estaría perfectamente clarificado que vai tamén na miña proposta, pero tamén deixa en evidencia que, nos asuntos importantes, como moito, poñémonos de perfil.

Efectivamente, xa hai unha bonificación. O punto 3 vostede non tería ningún inconveniente en aprobalo, porque vostede xa teñen aprobada unha bonificación para as industrias do sector primario, co cal non lle estamos nin metendo cargas que sabemos que pola súa deficiente e derrochadora xestión, o Concello se atopa como se atopa e as nosas propostas están moi baseadas en ningún tipo de demagoxia e en compromisos que se poden asumir.

E insisto, o punto 3, teñen vostedes unha bonificación neste momento, ten que se rogada e foi obxecto de bastante debate tamén cando o puxemos enriba da mesa, pero creo que é un revulsivo importante para o sector, e despois, evidentemente, hai unha parte que non podemos substituír, o que é o traballo, que teñen que implicarse e teñen que, evidentemente, ser máis áxiles...

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señora Candia, moitas grazas.

Pois señora Candia, unha vez máis tratan de poñernos deberes en competencias impropias, unha vez máis.

A ver se asumimos máis competencias impropias. Así estamos unha e outra vez. Imos de boísmo. Isto é moi bo para Lugo, isto tal... Pero fágano vostedes. Poñan diñeiro vostedes, cando é competencia deles.

Estamos sempre na mesma, non imos admitir competencias impropias. Si imos admitir, como xa lle dixo a portavoz, ese impulso, ese impulso que nós imos dar á nosa parte rural do Concello. Por suposto, aí teranos sempre como estamos facendo e como levamos moitos anos facendo no rural. Especialmente naqueles núcleos rurais, onde as actividades gandeiras, agrícolas e forestais conforman, como ben pon vostede na proposta, o seu motor.

Aí si que nos van ter sempre. O que non poden é intentar colarnos pola parte de atrás outra competencia impropia.

En todo caso, non sei por que non fixo unha enmenda nos presupostos para meter isto. Non o entendo, pero inda podía telo posto e podíamos estudiar esa proposta no seu momento, pero iso non o fixo.

En todo caso, nós sempre imos estar. Nós sempre imos estar nese impulso, pero, desde logo, non imos admitir que nos intenten colar outras competencias impropias, porque niso si que a administración autonómica é unha auténtica artista.

Primeiro ofrécelle tal... Convenias con eles, agora pago o 90%, o ano que ven, o 60%; o seguinte, o 40%; o seguinte, xa quita a súa parte e nós somos os que temos que poñer a cara frente aos nosos veciños para... Como sacamos un servizo que xeramos unha necesidade? Sempre é igual.

De todas formas, desde o punto de vista técnico, parece que non chegan a entender moi ben, ou probablemente si coñecen moi ben o que están dicindo.

Pero o que está claro é que os impostos cero no rural estase a referir a medidas implantadas no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, que como todo o mundo sabe é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, non me veña a vender agora iso.

No ámbito dos concellos, como ben establecía a portavoz, os beneficios fiscais só poden aprobarse se previamente unha lei habilita aos concellos para elo, non cando nos dá a gana.
E neste caso non existe lei que nos habilite para elo.
Polo que se refire, por exemplo, ao ámbito das plusvalías. Tampouco se regula esta posibilidade nos termos que está feita esta proposta, polo tanto, señora Candia, este é o resumo.
Intentan colarnos unha competencia impropia que é da administración autonómica para que nós asumamos, pero si estamos dispostos, como dicíamos, a ese impulso. Ese impulso xa o facemos e estamos dispostos a ter esa comunicación para facer un convenio.
E veremos as condicións dese convenio para adherirnos a el.
Polo tanto, de todas formas, agradézolle que acepte a enmenda substitución deses puntos. Polo tanto, o terceiro, por suposto, é inadmisible, por cuestións técnicas que vostede eu creo que sabe, inda que as plantexe aquí.
De todas formas, tamén quería dicirlle respecto ao ton e a actitude que moitas grazas. Esperaba que fose vostede un pouco máis elegante, pero doulle as grazas igualmente, sobre todo pola vía miña portavoz, porque, efectivamente, é unha persona cun gran ton e unha persona tremendamente elegante.
Xa que sacou o tema das licenzas, que non sería o tema, pero tamén quero contestarlle a iso porque non quero... Vostede coñece, ao mellor descoñece tamén, teño que pensar que ao mellor descoñece tamén, que non todas as licenzas van á Xunta de Goberno Local, ten moitas licencias que non van á Xunta de Goberno Local. Polo tanto, señora Candia, doulle as grazas pola súa elegancia respecto da miña persoa. Moitas grazas.
Señor secretario... Votación. Imos votar… A enmenda aceptada, si.

4/8 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A MELLORA DA ILUMINACIÓN EN DIFERENTES ZONAS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000024).**

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A iluminación é un dos elementos máis importantes para garantir a seguridade dos peóns e condutores. Numerosos estudos demostran que a ausencia de luz en espazos públicos fai que aumente a sensación de inseguridade na poboación.

A falta de iluminación en Lugo é un problema que afecta a diferentes zonas da cidade, tanto nos accesos a esta como nas rúas e avenidas. Este problema inflúe na seguridade viaria durante todo o ano, pero especialmente nas épocas nas que o período nocturno é máis amplo e a climatoloxía máis adversa, onde a falta de iluminación pode converterse nun risco para os condutores, xerar problemas para a

visibilidade das sinalizacións ou provocar situacións de perigo para os peóns que circulan polos diferentes puntos onde a iluminación brilla pola súa ausencia.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

- Esixirlle ao Ministerio que acenda e mellore a iluminación nos diferentes accesos á cidade, así como rotondas e demais puntos da súa titularidade para garantir a seguridade viaria.
- Que o goberno municipal aumente a iluminación pública nas zonas nas que este sexa deficiente, tendo en conta as necesidades específicas de cada área."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ...** Doulle a palabra ao señor Ameijide, do Partido Popular.

**- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Primeiro. Paula, desexarche sorte e acerto nestas novas responsabilidades, porque, efectivamente, a sorte e o acerto teu será a de todos e pedirche ademais que este punto de inflexión sirva tamén para cambiar certas actitudes nesta corporación de cargos políticos do Partido Socialista que te precederon e doutros compañeiros que tes noutras institucións.

Ogallá sirva para algo, algunha cousa vexo que xa se pegou, que debe ser propia do sillón, como estes soliloquios que hai entre proposicións e certas actitudes.

Pero sempre que sexan con boa vontade, hai que escoitalas con atención.

Non imos andar con rodeos nin con medias tintas. O trato que estamos recibindo en Lugo de todas as administracións é un trato absolutamente preocupante e moi malo con respecto, especialmente, ao goberno central.

As decisións do Goberno central están illándonos como provincia e está afectando notablemente á competitividade das nosas empresas, á competitividade dos nosos autónomos, incluso da universidade, a competitividade turística... En definitiva, estanos afundindo, mentres vostedes dende este bigoberno sorrín mentres nos maltratan.

Lugo non se pode permitirr, por exemplo, que perdese o tren. Lugo non perdeu o tren, obrigáronnos a perdelo, obrigáronnos a perdelo porque o PSOE e o BNG romperon o billete, romperon o billete e cortaron as liñas.

Deixáronos illados, sen alta velocidade. Somos a única provincia, a única capital de Galicia sen alta velocidade, polo menos en moito tempo. Ogallá nun futuro, cando cambien os gobernos, pois cambie este prognóstico.

PSOE e BNG pactaron nas súas distintas mocións, investiduras e demais, anular as variantes, anular as conexións por alta velocidade con outras cidades. Isto son os seus constantes pactos de perdedores.

Estamos illados por tren, estamos illados por estrada tamén. Nin se coñece data para a autovía a Ourense nin coñecemos tampouco ningún avance significativo na autovía a Santiago. E as nacionais están abandonadas. Esta é a situación dos investimentos, pero e que, déixannos sen investimento e o goberno de PSOE en Madrid directamente nos apaga a luz. Apáganos a luz para tentar que non vexamos a discriminación.

Non temos autovías nin alta velocidade e o pouco que tiñamos que eran as farolas de acceso desde estes puntos á cidade tamén as apagan.

Eu non sei que queren esconder. Mentres para outros si que hai recursos ilimitados e impunidade, terrorismo, amnistías e demais. Aquí nin luz nos deixa o goberno do Estado.

E que fan?Pois seguen sorrindo mentres ata nos apagan a luz.

E isto está incrementando o perigo e está incrementando ou está danando tamén a imaxe da nosa cidade.

O Goberno central ten apagada a iluminación dos accesos a Lugo. É algo que todos coñecemos. Os veciños de Nadela ven as farolas de día, pero de noite non, porque están apagadas.

Esta é a realidade. Dirían, o último que pase que peche a luz. E deixouna pechada para sempre o seu goberno.

E isto é unha pena. No Ceao e nas Gándaras, o mesmo, o acceso ao polígono e iluminación totalmente apagada dende a entrada da autovía. Por certo, reitero, a única que temos.

Isto é unha irresponsabilidade do goberno de Pedro Sánchez.

Probablemente sexa un castigo, porque o Partido Popular, como ben saben, é a provincia onde mellor resultado ten. E vostedes ao mellor son como ese maestro que intenta ensinar a lección a base de reglazos, pero así non lles está funcionando moi ben. Ter as luces apagadas é realmente chamativo, pero ter un nulo investimento na cidade e realmente preocupante.

Seguen sen desdobrar a rolda Norte e, o que é peor, seguen sen sequera iluminala. Por que? Porque se lle teñen manía, porque realmente é unha vía de acceso a

polígonos industriais, de acceso a numerosos barrios da cidade, de acceso a centros comerciais... Incluso é unha vía que serve de cinto ou de circunvalación á cidade, pero vostedes, pois seguen sorrindo mentres nin sequera nos poñen unhas farolas.
O mesmo, e falaremos despois tamén, da situación de Lugo cidade con respecto aos problemas de alumeado por parte do Concello de Lugo, pero o problema é que este bigoberno municipal está máis preocupado de buscar cadeiras para os seus integrantes que de demandar aos seus socios ou aos seus compañeiros de Madrid investimentos para Lugo.
Miren, un exemplo claro foi este xogo de tronos que nos tiveron aquí neste goberno local. Por certo, hoxe a señora Méndez xa nin veu, que segue de concelleira simplemente para cobrar un par de soldos máis, porque a verdade é que non vir nin ao pleno é chamativo.
Pero mentres a señora Méndez mercou un billete para Santiago de bus, porque de tren, como ben saben, non pode, e outro damnificado desta batalla se vai tapar baches pola provincia, para que Besteiro non pinche a roda da furgoneta.
Esa furgoneta que, por certo, non ten nin tapa cubos nin xente para enchela. Esa é a situación real do Partido Socialista en Galicia.
A realidade é que seguimos sen farolas, seguimos sen iluminación, porque o señor Sánchez decidiu apagar a luz.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señor Ameijide. Ten a palabra concelleiro Alexandre Penas.

**- ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Pois moitas grazas, alcaldesa, e bos días a todas e a todos.
Eu estaba alucinando coa intervención do señor Ameijide, porque ata a metade da súa intervención non sei exactamente de que estaba falando. Argumentario do Partido Popular, que xa dixeron que ían centrar unha campana galega en temas do Estado.
Eu estaría encantado de entrarlle aí nesa A-6 que, cando fixeron vostedes o viaduto duroulles vinte anos, ou cando estiveron no goberno do ínclito M. Rajoy, pois investiron 0 euros nesa autovía.
E agora é culpa do BNG. E que é para rirse se non fose dramático, coa actitude do Partido Popular con Galicia cando cando está gobernando no Estado.
Eu vou cinguir, polo tanto, a esta moción. Ten dous puntos, un dous puntos, dende logo, que teñen en común que reclaman melloras en administracións que o Partido Popular non está xestionando, como é lóxico dende a oposición, non? O que é a parte do Estado, nós temos reclamado en moitísimas ocasións, tanto como BNG como como goberno tamén da cidade de Lugo, pois o que son os enlaces das autovías, as entradas e saídas: Nadela, a rolda Norte, como vostede tamén citou e así o seguimos reclamando.
E volvo repetir. Témolo reclamado con este goberno, co anterior, e tamén como co señor Mariano Rajoy cando gobernaba no Estado antes de que fose expulsado

porque o arco democrático considerou que a corrupción era xa insoportable no Estado.

Entón, dito esto. nós reivindicamos, seguiremos reivindicando, e estamos a favor dese punto. Pois o segundo punto si que e nos chama moitísimo a atención e non sabemos exactamente que quere dicir. Que se mellore a iluminación de Lugo.

Evidentemente, evidentemente que se ten que mellorar... Que se corte onde sexa necesario. Evidentemente, non imos mellorar onde non sexa necesario.

Entón, eu quero reivindicar o traballo feito polo Concello de Lugo na mellora da iluminación e creo que é un traballo serio e rigoroso e que desde o día 1 eu teño a responsabilidade nese tema, desde o verán, de xuño de 2019, pois nos puxemos a traballar, porque consideramos que era moi importante para a cidade o tema da iluminación.

E fixémolo dende o día 1. Aos 2-3 meses... 4 de entrar no goberno, aprobouse xa un suplemento, que había moito traballo detrás, de máis de medio millón de euros, para mellorar a iluminación de Lugo.

No ano 20, un millón cento e pico mil euros, cun proxecto detrás, con traballo, con moita reunión, para a mellora da iluminación en Lugo. No ano 21, un millón e pico tamén.

Que se executou todo. O 100%. Estes anos seguimos traballando a parte dun investimento, era sobre todo un investimento potente que se decidiu no Pacto de Goberno que había que impulsar, e porque había moita obra civil que facer e había que poñerse a elo e a traballar.

E para nós eu creo que nestes catro anos e medio que levamos Lugo avanzou moitísimo e que hai, sobre todo, e creo que é o máis importante, unha folla de ruta marcada, con seriedade, avaliando, por suposto que se pode modificar en calquera momento como calquera proxecto, sempre que haxa propostas, se as houber, non? Porque na súa proposición, desde logo, non vén ningunha.

Veñen a miúdo por veciños ou por asociacións. E nós estamos encantados en caso de que o Partido Popular faga unha proposta, pois tamén, desde logo, de estudalo, porque digamos que o traballo xa está feito e está organizado. Iso pódollo asegurar e invítolle, darei algún dato aquí hoxe. Tería que... Necesitaríamos moito tempo para dicirlle todo o traballo que estamos facendo.

Por exemplo, xa temos estes anos unha inversión mínima para a mellora da iluminación mínima de 700.000 euros anuais.

Iso vai ser o mínimo que se vai investir nos próximos anos. É un proxecto que hai que seguir dunha maneira continua. Continua e avaliada, senón non tería sentido. E creo que é un proceso que xa está dando os seus froitos.

Eu pódolle dar datos xa. Por exemplo, deste ano, deste ano pasado. No 23. Rúas que se renovaron, con led, con mecanismos auxiliares necesarios para mellorar a iluminación en Lugo. Por exemplo, Fontiñas, rolda do Carme, rolda Fingoi, República Arxentina, pista de baloncesto…, Quiroga Ballesteros, Montadoiro, etc. 82, no ano 2023 mellorouse a iluminación en 82 rúas de Lugo. Que temos planificado para o 24? Pois temos moitas rúas tamén planificadas: Menorca, avenida de Breogán, Salvador de Madariaga, Río Sil, Conde...

Isto, imos ver, non é que o diga este concelleiroou este grupo de goberno. E que hai unha serie de profesionais detrás que se avalía con eses criterios que na segunda intervención direi cales son, porque son públicos e transparentes, cos que traballamos, entre eles as demandas veciñais e a sensación. A sensación que pode ter a xente, que iso tamén hai que facer un tema pedagóxico, porque senón estaríamos, digamos, creando demagoxia constantemente.
Eu, polo tanto, e acabo xa esta intervención, creo que esta moción ven na nova liña do Partido Popular no Concello de Lugo desde que cambiaron de portavoz e creo que vostede, señor Ameijide, se sinte moito máis comodo agora. A crispación e falar de que en Lugo, todo mal. Esa é a súa liña de traballo.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o Señor Ameijide.

**- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Ao concelleiro do BNG parece que lle molesta que se lle recorde que, efectivamente, son corresponsables do que sucede en Madrid. E isto é moi claro. É moi claro o que estamos pedindo.
O primeiro punto pide algo tan simple como que o seu socio de goberno do Partido Socialista encenda a luz. Onde xa había farolas e as apagaron, que as encendan. É algo máis simple, por seguridade, por imaxe da cidade e por sentido común.
E porque ademáis hai que cumplir a normativa.
Por tanto, bastante claro o primeiro punto. O segundo comentareillo xusto agora, porque, claro, parece que ao BNG lle molesta que lle digan a realidade. Oia, vostede tamén participa en política nacional, en política nacional, para apoiar ao señor Sánchez e para ir a manifestacións a favor dos etarras tamén. Tamén me gustaría saber a súa postura niso, porque para poñerse americana para as fotos está moi ben, pero despois cando chega a hora da verdade ben que sacan a patiña, ben que se lles ve o verdadeiro radicalismo do BNG, cando teñen que amosar a patiña de verdade. Esa é a realidade do Bloque, e non intenten escudarse.
Miren, falemos de Lugo. Falemos de Lugo cidade. Poñer iluminación e dar unha boa iluminación ao municipio de Lugo non é poñer farolas aos pedáneos, iso xa o fan bastante ben, iso xa se fai bastante ben, ir ás casas dos pedáneos e iluminarlles perfectamente todo o seu percorrido.
Significa tamén ir aos barrios periféricos, aos que vostedes pisan só en eleccións. Vostedes, do BNG, e vostedes do Partido Socialista. Eses que estes días probablemente recorrerán en varias ocasións e que levan moito tempo algúns sen pisar. Efectivamente, ir a Casás, ir a Albeiros, ir ás Gándaras, ir ao Ceao, a moitos puntos que teñen detectado, porque hai reclamacións destes veciños, porque hai problemas de iluminación, e porque substituír luminarias e incrementar moitos máis puntos.
É máis, é que iso non é novo, porque dende o Partido Popular xa lles propuxemos hai tempo e xa denunciamos que non estaban utilizando todas as medidas. Por que? Porque vostedes hai dous anos, por exemplo, puideron participar nos fondos

do IDAE para solicitar ata o 80% a fondo perdido para a substitución da iluminación LED en toda a cidade.
Isto que significaba? Que con oito millóns de euros, dos cales poñendo o 20% podían renovar a iluminación de todo o municipio.
E non o solicitaron, por que? Porque aquí hai dous gobernos. Un que se dedica aos fondos europeos e outro que se dedica a poñer farolas.
E como un e o outro non se queren pisar a mangueira e dedícanse a poñerse cambadelas, porque son o goberno da cambadela, non solicitaron esta axuda e gastaron o mesmo que podían gastar en renovar a iluminación de toda a cidade, gastárono en catro rúas.
Esta é a realidade. Un goberno que se dedica a poñerse cambadelas e a buscar carguiños, non é pelexar pola cidade.
Que lles pedimos? Que lle digan aos de Madrid, vostedes apoian e os outros son compañeiros, que acendan a luz e que lles digan que invistan na nosa cidade. E despois dicímoslles a vostedes que traballen e que percorran as parroquias da cidade para mellorar os puntos que os vecinos lle están dicindo a diario que hai que mellorar. Moitas grazas.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro...

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** ... Ao final non volveu falar de Lugo. Volve falar do argumentario do Partido Popular que repiten todos, digamos, sen ningún tipo de vergoña, non?
Eu linlle, non quixen, afondar máis, pero lin unhas cantas rúas de que a maioría non sei se as coñece. Eu creo que as debería coñecer. Polo menos algún da súa bancada. Pero este ano mellorouse a liberación de máis de 80 rúas.
Está planificada xa a estas alturas máis de 30 para este 2024 e vai haber moitísimas máis. É que non sei exactamente a que a rúa se refire e que... E que utiliza esa demagoxia dicindo que nós non pisamos os barrios. Porque é mentira. E vostede sábeo.
É unha serie de criterios profesionais e técnicos cos que traballamos. Zonas onde hai baixa iluminación, solicitudes veciñais cando son coherentes e lóxicas, non cando non son demagóxicas e extemporáneas. Cando hai falta de recambios de reparación, non? Por obsolescencia... Non se pode cambiar todo Lugo de repente a LED, porque eu, tecnicamente, a parte de inviable, sería un mal negocio, porque a iluminación ten unha serie de obsolescencia que hai que cambiar progresivamente. E iso dillo calquera técnico.
Vostede debería sabelo, ou igual si que o sabe, pero a realidade, pois, incomódalle no seu argumentario.
Recuperamos cunha planificación constante todos os anos por moita luminaria, que está ben, o que é o exterior, e modificamos tecnicamente para evitar residuos, para ser moito máis eficientes economicamente.

Eu creo que o traballo que se está facendo de iluminación nos últimos anos a nivel técnico, tanto por técnicos do Concello como pola empresa de mantemento que temos, é dun nivel moi, moi alto.

Outra cousa é que vostedes queiran facer campaña política, porque así llo ordenan, e poñendo a Lugo sempre como excusa.

Entón eu reafírmome en que esta moción, en concreto, esta proposición en concreto ten ese obxectivo. Eu intenteime cinguir a Lugo, pero vexo que cada un quere gañar galardóns como poida no seu partido, supoño que por intereses persoais ou partidistas.

Pero dende logo, Lugo non vai saír gañando con esa actitude do Partido Popular.

Eu lamento moito, e eu lamento moito que este sexa o Partido Popular, creo que a maioría dos lucenses non recoñecen a este Partido Popular como útil.

Sigan así, é malo para Lugo, pero sigan así.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o señor Ameijide.

**- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Vexo que non lle gusta a miña intervención, pero mire, dicirlle dúas cousas. Poucos grupos políticos como o noso coñecen mellor as 650 rúas desta cidade e as 54 parroquias. Ogallá o coñecese a metade de ben calquera de vostedes. Ogallá.

E despois decirlles dúas cousas moi simples. A primeira, díganlle ao goberno de Sánchez, do que alguún é compañeiro e outros son socios e colaboradores necesarios que acenda a luz e que invista en Lugo. O segundo que lle digo é que, falaba de coherencia e lóxica nas peticións de iluminación na cidade, home, agardo que non teñan que pasar os peaxes que teñen que pasar en cultura: entrevistas previas... Ao mellor aquí que queren farolas con pegatinas de UPG, ao mellor é eso o que queren. Ao mellor o que hai que pasar co carné entre os dentes para solicitar, e que sexa coherente e lóxica de acordo co concelleiro do BNG. Pero eu pódoo levar a moitas parroquias e pódoo levar a moitas zonas da cidade que necesitan iluminación, que a levan tempo pedindo, e que vostedes non lles dan resposta.

Por certo, reitero, perderon unha axuda ou non a solicitaron que se podía renovar toda a iluminación LED da cidade e podíase poñer detectores de presenza, podíanse poñer sensores, podíase facer un montón de automatizacións dentro da iluminación para mellorala de forma substancial e que vostedes decidiron non facelo porque son o goberno da cambadela. Moitas gracias.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas. Señor Ameijide, o primeiro que teño eu que dicirlle é que vou facer un soliloquio.

Gústanme os soliloquios e como podo, vostede tenme que escoitar. Primeiro, si, darlle as grazas pola elegancia da felicitación. A verdade é que o sei, polo tanto, polo tanto, agradézolle moito, porque ao mellor hai compañieros que non. Non saben estar á altura do momento e do meu primeiro pleno.

Tamén quería dicirlle que, pese a felicitalo por esa elegancia, teño que dicir que está mentindo e vostede o sabe. E tamén quero dicirllo con boa cara, señor Ameijide.

Nunca, nunca, en nove anos, nunca, se denegou un só punto de luz por parte do Concello, salvo que fose por criterios técnicos e vostede o sabe.

O concelleiro de Medio Rural pateou cada unha das parroquias, cada un dos lugares, cada unha das casas, nunca, nunca en nove anos se denegou un punto de luz, salvo que fose por criterios técnicos.

Quero que conste en acta. E, en todo caso, menos mal que estamos en Lugo e que lle interesa moito Lugo, señor Ameijide. Dos primeiros cinco minutos, catro minutos e sete segundos dedicounos a falar de política nacional. Da luz, veña da luz... Política nacional. Iso é o que lle interesa a Lugo, coñecerá moi ben as parroquias, porque debe ter moito tempo para patealas. Nós ao mellort emos que estar máis nos despachos e xestionando.

Eu iso non o vou negar. Probablemente coñecemoi ben as parroquias e paréceme moi ben. Leva aquí moitos anos como concelleiro para coñecer todas e cada unha das 54 parroquias. Polo tanto, creo que non é mérito ningún.

Debemos facelo e vostede por ser un dos concelleiros que máis anos leva aquí, suponse que ten bastante coñecemento diso.

Pero como se dedicou á política nacional tamén quero recordarlle unha cousa, porque hai que contestar tamén a iso.

Durante o goberno de Mariano Rajoy, por se non se acorda, recórdollo eu, o Ministerio de Fomento apagou unha de cada dúas farolas, de cada dúas farolas, é decir o 50% nas conexións das vías de competencia estatal, con calquera outra vía, e vén falando aquí de que non encendemos a luz.

Pero iso foi establecido polo Ministerio de Fomento no seu momento. Que veña falar vostede diso, olvidándose de cuestións tan importantes como a excepción ibérica, por exemplo, a rebaixa do IBI... Quero dicir, en materia de luz non nos van dar leccións. E non intente mentir e meter solapadamente, cando vostedes, o goberno do doseu partido, si que fixoiso: apagar a luz a todos os españois.

Outra cuestión que quería dicirlle é que se aconcelleira Lara Méndez López non está aquí é por cuestións persoais importantes. Polo tanto, antes de lanzar a lingua a pacer é importante aló menos preguntar, porque falar de que non está hoxe porque quere cobrar un soldo paréceme... Non o vou calificar. Paréceme de moi mal gusto.

Polo tanto, señor Ameijide, centrémonos en Lugo. O que nos interesa é Lugo, señor Ameijide. Non a política nacional neste momento.

Nós estamos centrados en Lugo e creo que lledou datos máis que suficientes o concelleiro de Infraestructuras para dicirlle o que se está traballando precisamente en materia de iluminación. Moitas grazas. Imos votar.

5/9 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONVOCATORIA DUNHA MESA**

**DE TRABALLO PARA ESTUDAR A UBICACIÓN DA PRAIA FLUVIAL CO OBXECTIVO DE QUE ENTRE EN FUNCIONAMENTO NO VERÁN DESTE ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000025).**

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"No ano 2011, a Deputación Provincial de Lugo inicia o trámite de autorización para a execución do proxecto de "Construción de pantaláns para zona de baño no río Miño" na contorna do tramo fluvial de "Los Robles" que tras varios trámites non chegou a executarse e do que tanto Concello como Deputación desistiron.

Dende esta data, foron varias as localizacións propostas, como a do BNG no ano 2014 de situala fronte ao Pazo dos Deportes, ou a derradeira do goberno municipal de instalar as estruturas flotantes no Paseo do Miño, enfronte do parque infantil.

O certo é que a día de hoxe, no ano 2024, Lugo segue sen contar cunha zona pública de baño debidamente acondicionada e con garantías de seguridade, comodidade e salubridade para os usuarios, instalacións que si ofrecen concellos da contorna, como por exemplo Outeiro de Rei (Santa Isabel), O Corgo (río Chamoso) ou Begonte (río Parga), e que son empregados de forma recorrente polos veciños de Lugo ante a falta destas infraestruturas na cidade.

No Pleno do pasado mes de decembro, o Sr. Fernández daba voz ao goberno afirmando que estaban a valorar diferentes vías e que non tiñan unha decisión tomada, valorando a opción de reformular o proxecto inicial ou iniciar os trámites para a implantación nunha nova localización.

A praia fluvial de Lugo é un proxecto no que deben intervir varias administracións, e é por isto que o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno municipal acorde:

A creación dunha mesa de traballo, que inclúa técnicos e grupos políticos, para retomar o proxecto da praia fluvial co obxectivo de acadar esta infraestrutura coa maior brevidade posible".

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao concelleiro, señor Cabarcos.

**- RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bo día a todos e todas. Eu tamén lle desexo, señora alcaldesa, moita sorte no seu desempeño.
O grupo municipal do Partido Popular presenta para o seu debate a aprobación e proposición para a creación dunha mesa de traballo que inclúa técnicos e grupos políticos para retomar o proxecto da praia fluvial, co obxectivo de dispor desta infraestrutura no vindeiro verán.
O porqué desta proposición baséase en tres feitos innegables. O primeiro é que a día de hoxe Lugo non conta cunha zona pública de baño acondicionada con suficiente seguridade, comodidade, salubridade, sostibilidade e protección ambiental.
O segundo é que esta instalación si existe en concellos da contorna, como Outeiro de Rei, O Corgo ou Begonte, e son empregados polos veciños de Lugo ante a falla desta.
E o terceiro proxecto exixe a presenza de diferentes administracións, polo que o traballo conxunto é o camino máis seguro para o éxito.
Froito de pasadas xestións unilaterais e ben pouco atinadas, é o que ten acontecido ata agora.
A inicios de 2011, a Deputación de Lugo presenta perante a Confederación Hidrográfica a solicitude para a construción de pantaláns para a zona baño no río Miño, na zona de Saamasas, espazo Red Natura.
Faise precisa a redacción dun estudo de impacto ambiental que o Concello presenta perante a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, entidade que solicita a maior información advertindo de que de non responder proceder á caducidade do expediente. Ante a falla de resposta, sendo vicepresidenta da Deputación dona Lara Méndez López, o Ministerio procede á terminación do procedemento e de seguir a Confederación Hidrográfica, resolve o arquivo do expediente.
Este é a fin do primeiro capítulo desta historia, que só se produce por desestimento de continuar co procedemento por parte das administracións local e provincial. Non houbo máis.
En abril de 2017 o Concello de Lugo presenta a solicitude perante a Confederación para a instalación dunha zona de baño nun tramo posterior do Rio Miño en espazo de Reserva da Biosfera, que require informe de Avaliación ambiental.
En xaneiro de 2019, a conselleira do Medioambiente emita informe de Valoración Ambiental, onde di que a Confederación podería autorizar o proxecto coas seguintes medidas. Fronte a posibles incrementos de caudal ou velocidade, que


MURALLA
patrimonio da humanidade

garantan o espazo entre os módulos e o linde do río, que eviten prexuizos a especies protexidas, fronte arrastres, embazamentosou vertidos, para eliminar o transporte accidental de especies, de eliminación de residuos ou de supervisión da Consellería.
En abril de 2020, a Confederación autoriza, esta vez si, o proxecto coas seguintes condicións: Non prexulga a necesidade doutros permisos por un prazo máximo de 25 anos, supeditado á dispoñibilidade de caudal, con retirada fóra do prazo de uso da instalación, con responsabilidade do Concello o mantenemento ou posibles danos, con excepción do canon, con medidas asociadas ao risco de inundación, con medidas anti entorbamento das augas, cunha ancoraxe garantido e con delimitación da zona de baño, separándoa da de navegación.
En xullo de 2022, o Concello xa vemos que dá para cumprida estas condicións e comeza coa montaxe.
A conselleira do Medio Ambiente, como tiña esixido no seu informe, supervisa a montaxe e descubre unha importante poboación de especies vulnerables, emitindo o novo informe onde lembra deficiencias ou incumprimentos nas garantías esixidas, erros ou dúbidas na ubicación, batimetría do caudal de estiaxe, outras infraestruturas que podían ser precisas e non aparecen no proxecto, puntos de acceso de maquinaria, calidade das augas, protección do ecosistema, correcto ancoraxe ou xestión de residuos.
En base á insuficiente información e ao resultado da inspección in situ, o informe non considera axeitado o lugar elixido polos posibles danos ás especies protexidas e falla de estabilidade do conxunto e o Concello, á vista do informe, solicita desprazar a estrutura uns metros augas arriba.
A Confederación denega esta modificación da ubicación e acaba o segundo capítulo. Remata o segundo capítulo, que se produce, nesta ocasión, por incumprimento das garantías esixidas polas autoridades medioambientais.
Neste intre, a Xefatura Territorial da Consellería de Medioambiente responde á solicitude do Concello informando da denegación e ofrecendo colaboración dos técnicos do servizo do Patrimonio Natural, que, xunto cos do Concello e a Confederación, poidan atopar unha solución alternativa que posibilite as instalacións nunha zona de baño do río Miño cun mínimo impacto ambiental e sen prexuízo das especies fluviais.
E iso mesmo é o que nós vimos solicitar hoxe, que é tamén a nosa proposición, cunha oferta de traballo conxunto na procura dunha solución viable que permita conquerir esta instalación.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, doulle a palabra ao concelleiro Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** A min paréceme que este tema está máis que explicado e bastante debatido e que agora toca realmente buscar solucións. E un pouco na liña que entendo vai a proposición e diríalles varias cousas.
Ademais, quero facelo dunha forma telegrafica.

Primeiro, neste Concello levamos moitos anos intentando por todos os medios ofrecer aos veciños e veciñas unha zona pública de baño, cómoda, segura e o máis preto posible do centro da cidade, como ocurre noutros moitos pobos e vilas de Galicia.
A primeira ubicación na zona dos Robles non chegou a materializarse porque ou pese ao amplísimo, farragoso e dilatado no tempo expediente administrativo que se elaborou, razón pola cal, efectivamente, tanto Concello como Deputación tiveron que desistir diante das nulas perspectivas de éxito.
Posteriormente, desde a área de Medio Ambiente realizáronse cantos estudos, análises, informes, etc. foron precisos... batimetría, efectivamente incluída, para tratar de atopar unha ubicación que fose autorizable, como asi ocurriu, como vostedes saben, e ademáis por 24 anos. Foi a Dirección Xeral de Patrimonio Natural a que impediu a instalación das piscinas flotantes e eso, a pesares de termos esa autorización da que falaba, de termos presentado ata tres alternativas diferentes de instalación e un proxecto de traslocación dos mexillóns, elaborado e avaliado polos máximos expertos na materia. E, por certo, moi similar a un que, á postre, despois de moitas dilacións lle veñen de autorizar a Confederación Hidrográfica para o arranxo do caneiro do muíño.
Pois diante desta situación, e tendo en conta a firme determinación deste goberno de non renunciar a unha infraestrutura altamente demandada pola cidadanía e facendo nosa, pois, precisamente as afirmacións que poñen na proposición, de que é un proxecto no que deben intervir varias administracións, damos un paso máis e presentámoslles unha enmenda de substitución que di o seguinte:
"Instar á Xunta de Galicia a realizar unha prospección do rio Miño ao seu paso polo termo municipal de Lugo para que determine en que lugar resulta viable habilitar a zona pública de baño dentro da área da cidade, segundo o seu criterio técnico, co fin de non perder máis tempo nin malgastar máis recursos públicos en atopar alternativas, habida conta de que todos os informes técnicos presentados anteriormente polo Concello, respaldando o proxecto actual, foron rexeitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pese a ter dado previamente o organismo autonómico o seu beneplácito á ubicación vixente e dispoñer da concesión do aproveitamento por un prazo de 25 anos.
Se for preciso, o Concello de Lugo comprométese a sufragar parcial ou totalmente o custo dos devanditos traballos.
E porque pensamos que realmente é o momento de acadar solucións entre todos e que todos imos ter a xenerosidade e altura de miras suficiente como para priorizar o interese xeral, pedímoslles que acepten esta enmenda e nese caso votaríamos a favor.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Señor Miguel, entendo que a enmenda que vostede propón non é contraditoria coa proposición que nós traemos,

porque realmente acababa a miña intervención falando dunha oferta da Xefatura territorial da Consellería do Medio Ambiente, ofrecendo a colaboración dos técnicos do Servicio de Patrimonio Natural.

Co cal pois por suposto que si, efectivamente, é parte da nosa intención formar unha mesa de traballo conxunta que se vostede di que por riba pode ser costeada parcialmente polo Concello, pois por suposto que si, efectivamente.

De todas formas, antes de rematar, avanzado xa que imos acadar un acordo, posiblemente, quería facer mención a un traballo que tamén consideramos de interese que é o que elaborou o Consello científico do Comité Español desta entidade e que pode facer que o debate vaia un pouco máis alá de se aquí ou alí. Non só encontrar un sitio, senón tamén encontrar o mellor modelo posible. O baño fluvial non masivo, por suposto non masivo, no río non ten risco nin consecuencias prexudiciais para o río.

A introdución de estruturas plásticas nos ríos pode ser, se dependendo do xeito do modelo, pois pode ser máis difícil de xestionar de fronte á protección do modelo ambiental que agora mesmo temos interese todos sen conservar.

Entón, quero dicir que este informe facía mención a buscar todas as posibles alternativas non só desprazamentos, senón tamén de modelo, para conquerir a mellor solución posible, que falaba dunha óptima adaptación á cunca e ao seu caudal, elixindo en función do modelo, unha ubicación dun tramo de encoro ou de reófilo, porque a solución pode ser moi distinta, porque solicita maiores garantías de seguridade aos usuarios e para a contorna, evitando consecuencias prexudiciais, froito de posibles incrementos bruscos de caudal e medidas que eviten o deterioro, a contaminación e a fragmentación dos hábitats vexetais.

Eliminar perturbacións que puidesen afectar á conservación das especies animais fluviais, emprego de materiais naturais e reciclables, que iso podía ser outra volta que lle podiamos dar ao asunto, como poden ser madeira ou pedra, e non sintéticos derivados do petróleo con contaminantes asociados á alternancia da exposición solar e humídica.

A conservación da calidade da auga desde o punto de vista físico-químico ou microbiolóxico e unha explotación controlada que evite, pois, ruído, residuos, dispersión de especies, etcétera.

Co cal, pois parécenos axeitado aceptar esa enmenda e nada máis. Iso é o que temos que dicir.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro do goberno.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Con enmenda aceptada, non? Si, si. Pois eu, neste caso agradecer a aceptación da enmenda e amosar a colaboración coa Xunta de Galicia para facer esas prospeccións e tratar de buscar unha ubicación definitiva e que este mesmo verán sexa unha realidade esa zona pública de baño, desexar e dicir tamén que este tipo de acordos de colaboración, eu entendo que son os que demandan os veciños de todos nós, desta corporación.

E tamén, un pouco por alusións anteriores, cando se falaba aquí de que se alegraban dun cambio non continuísta deste goberno, direilles dúas cousas. Que non só reivindicamos e estamos orgullosos do traballo feito, senón que seremos continuístas no proxecto transformador da cidade que levamos anos implantando. Aí seremos continuístas. Moitas grazas.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Desta quenda de peche, o único que quería deixar claro era que se trata, entendo, dunha enmenda de engádega que se suma a...

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non, non, non.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ:** De substitución dixen.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Entón non, porque entendo que é complementaria a todo o que nós pedimos que se basea nunha mesa de traballo conxunta. Se non se trata diso, entón non.
Pois nada máis, entón só me queda dicir que no caso dos proxectos inconclusos con deficiencias asociadas á praia fluvial, non corresponde agora falar de deficiencias, senón de traballo conxunto e desa mesa que nos propoñemos e que, de non ser así, pois a nosa proposición non será aceptada.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Por iso creo que é importante que saibamos, creo que o explicou moi ben, pero eu tiña as miñas dúbidas de se o entendera.
Esta é unha unha enmenda de substitución. Nós non queremos mesas políticas. Non queremos mesas técnicas. Está moi estudado. Nós queremos que a Xunta de Galicia nos diga onde podemos facer a praia fluvial que estamos todos os lucenses desexando ter.
Intentámolo por activa, intentámolo por pasiva. Dixéronnos que si. Adquirimos todo ese material, en torno a 300.000 euros.
Cando estabamos xa montando, de repente, non. Apareceron determinadas cousas, que se mexillóns, que se algas, que se... Na súa proposición, que é curioso, que é curioso ademais que... Lugo segue sen contar cunha zona pública de baño debidamente acondicionada, instalacións que si ofrecen concellos da contorna: Outeiro de Rei, en Santa Isabel; o Corgo, na rúa Chamoso, ou Begonte, no río Parga.
Hai que ver a cor política destes tres concellos. Para eles si, para nós, non. Como dixen, que por certo teño que teño que agradecerlle tamén as felicitacións, señor Cabarcos.
Como dixen no meu discurso de investidura, non imos continuar sendo reféns políticos do señor Rueda en determinados... En todas estas cuestións.

Para nós, a praia fluvial é algo fundamental. Demándano os lucenses. Intentámolo por activa e por pasiva e sempre que se vai facer, como coinciden con eleccións, e ao mellor non convén que Lara Méndez inaugurase esa zona de baño para todos os lucenses, en último momento, non. E temos constancia de que se puxeron a disposición moitos medios na Xunta de Galicia para que se buscase a fórmula de que non tivésemos esa zona de baño. E, ademais, como vostedes mesmos din, se os concellos teñen a cor do Partido Popular non teñen problema alí. Non hai mexillóns, alí non hai algas. Alí non hai nada. Alí pódese tranquilamente. Tan pronto toca Lugo, non se pode.

E agora, propoñer unha mesa política. Unha mesa política. Nós o que necesitamos é que nos diga a Xunta de Galicia: Estamos dispostos a iso. Que acaba de dicir o concelleiro.

Onde poñemos a praia fluvial? Que nolo digan eles. Nós estamos propoñendo. Poñemos aquí, poñemos alá. Que se movemos os mexillóns, que se tal. Todo é non, non, non. Non por sistema.

Polo tanto, o que aceptamos, por iso poñiamos esta enmenda de substitución era que nos diga a Xunta de Galicia onde podemos poñelo e nós poñémolo.

Pero que nolo diga e así acabábamos con isto, porque o prexudicado é o veciño lucense. Somos todos nós. Que temos que ir a outros sitios que non podemos acceder á zona de baño público.

Polo tanto se vostedes non aceptan esta emenda, nós si, imos seguir intentando que este verán teñamos esa zona de baño público e será o goberno do señor Rueda, que espero que non estea para ese momento. Espero que non estea.

E se estivese, que nos diga onde temos que bañarnos. Pero espero que non estea, porque acabaríamos de ser eses reféns políticos, que somos constantemente o Concello de Lugo, os veciños e as veciñas de Lugo.

Polo tanto, imos votar.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### ACTAS E GOBERNO

6/10 **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2024/G004/000001).**

En conformidade co informe do vicesecretario accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento

orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 16 de decembro de 2023, coa numeración 10370/2023 a 11886/2023, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2023.

De todo o cal a Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

7/11 **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000004).**

En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, coa numeración 1/2024 a 112/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

8/12 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 464/2024, DO 19 DE XANEIRO DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 19-1-2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2024/G004/000033).**

Ó Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024 que, a seguir, se transcribe:

**“Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

Con data do 21 de xuño de 2023 aprobouse o Decreto 5756/2023, de organización municipal coas súas rectificacións posteriores.

Con data 12 de xaneiro de 2024 o Pleno da Corporación tomou efectivo coñecemento da renuncia a Alcaldía de quen ata ese momento viña ostentando o cargo, procedéndose na sesión do Pleno de data 18 de xaneiro de 2024 á miña elección como alcaldesa.

Os cambios acaecidos e a necesidade de afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación transversal entre as distintas áreas e concellerías motivan a necesidade da adopción do presente acordo

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal:

**PRIMEIRO.-** Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sr. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.ª María Cristina López Fernández

**SEGUNDO.-** Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segundo suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxo Fernández e don Mauricio Vitorio Repetto Morbán, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

**TERCEIRO.-** A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

**CUARTO.-** Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcaldesa**:
- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- terceiro tenente de alcaldesa: Ilma. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- cuarta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- quinta tenenta de alcaldesa: Ilmo. Sra. D.ª. Ana María González Abelleira
- sexto tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- sétima tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcaldesa substituirán a alcaldesa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

**QUINTO.-** Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

**ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local

- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Esta **ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática.

No eido que corresponde á planificación de cidade corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal tamén os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVISLUSA-.

Así mesmo, adscríbese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcaldesa e dependendo directamente desta.

**ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

**ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluido parque móbil e conserxería e notificadores.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de

Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Parque Móbil, Conserxería e Notificadores e Brigada e Parque de Maquinaria.

**ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS e Viveiros de empresas.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS** que se encargará da

coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- preparación e seguemento de acordos e convenios con entidades asociativas
- acordos de colaboración con entidades de carácter supramunicipal
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións

**ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade
- diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación
- organizacións non gobernamentais,
- minorías étnicas e inclusión social,
- emigración e inmigración,
- centros de dinamización rural e dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á Muller, centros de dinamización rural, centros onde se desenvolven actividade asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro) e Unidades de Zona Rural.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte

- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores”.

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:
- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:
- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de

Educación e pedagogas municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

**ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

**ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte publico de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da

coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías publicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

**SÉTIMO.-** De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía e Planificación de Cidade, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA.

Ao terceiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE DINAMIZACION ECONOMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS.

Á cuarta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

A quinta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESION SOCIAL E TERRITORIAL.

Ao sexto tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Angel Pablo Permuy Villanueva, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE XESTION INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS.

Á sétima tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª M.ª Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se

lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

**OITAVO.-** Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de alcaldesa de acordo co seguinte:

**As e os tenentes de alcaldesa delegados de área**, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a t**enenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

2. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica suplirao o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos**.

3. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos suplirao o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición ecolóxica**.

4. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**

5. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial.**

6. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización económica e Relacións institucionais**

7. Á tenenta de alcaldesa delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a alcaldesa asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

**NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as** o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle ao concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.
- Corresponderálles ás e aos tenentas e tenentes de alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

A alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE,**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

**DÉCIMO.-** As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DONA LARA MENDEZ LOPEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE RELACIONS INSTITUCIONAIS,**

2 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO **respecto da CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES,**

3 en DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES,**

4 en DON FELIPE RIVAS JORGE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** e

5 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluirán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenenta de alcaldesa delegada ou tenente de alcaldesa delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de alcaldesa delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

**- "visto e prace"** das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

**- anuncios e edictos,** agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

**DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:**

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas –para a súa eficacia- requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se

entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.'

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**INTERVENCIÓN**

9/13 **DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2024.**

Vista a proposta da Intervención Xeral, do 10 de xaneiro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 31 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, dispón que:

"*1.* ***El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio****.*

*2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.*

*El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.*

*Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios*

*cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.*

*3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas.* ***El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno****.*

*4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno*”.

Por outra banda, o Plan Anual de Control Financeiro será obxecto de publicación en cumprimento do previsto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que “*2.* ***Las Administraciones Públicas publicarán los planes y programas anuales*** *y plurianuales en los que se fijen objetivos concretos, así como las actividades, medios y tiempo previsto para su consecución. Su grado de cumplimiento y resultados deberán ser objeto de evaluación y publicación periódica junto con los indicadores de medida y valoración, en la forma en que se determine por cada Administración competente*”.

En cumprimento da mencionada normativa, con data 10/01/2024, o Interventor Xeral Municipal emitiu o informe Ref.: 2024/4, relativo ao **“Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2024”**, polo que, propónselle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**ÚNICO.-** Dar conta a efectos informativos ao Excmo. Concello Pleno do Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2024.”

De todo o cal a Excma. Corporación municipal quedou informada para os oportunos efectos.

**TESOURERÍA**

10/14 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DITADAS NO MES DE DECEMBRO DE 2024.**

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real



MURALLA
patrimonio da humanidade

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de DECEMBRO de 2023, coa numeración 141/2023 a 147/2023.

Do 01 ao 31 de DECEMBRO de 2023 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Data Firma |
|---|---|---|---|
| 2023/T030/000144 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento MADERAS BUCOVINA SL (Multas 2022-B-00000255 e 2022-B-00000278) | 2023/141 | 04/12/2023 |
| 2023/T030/000145 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo REBECA MORENO RAMOS POLA TAXA DE PRESTACIÓN DO SVO DE BOMBEIROS RECIBO Nº 7099444 (2016EXPA7005592). | 2023/142 | 04/12/2023 |
| 2023/T030/000146 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento NORDUL LUGO SL (Multas Expte 2023EXP47003691) | 2023/143 | 11/12/2023 |
| 2023/T030/000147 | Resolución Tesourería ALEJANDRO MURIAS ALVAREZ (Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo IVTM anos 2018-2022) matricula R-2768-BCN. | 2023/144 | 12/12/2023 |
| 2023/T030/000148 | Resolución Tesourería resolución recurso reposición contra a providencia de constrinximento Vilaseca Darriba José | 2023/145 | 26/12/2023 |
| 2023/T030/000149 | Resolución Tesourería recurso reposión contra dilixencia de embargo Mohd Alam Husein | 2023/146 | 26/12/2023 |
| 2023/T030/000150 | Resolución Tesourería resolución recurso reposición López Cascudo Nuria | 2023/147 | 26/12/2023 |

De todo o cal a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CUMPRIR AS ORDENANZAS FISCAIS E SE COBREN OS SERVIZOS MUNICIPAIS NOS PRAZOS ESTABLECIDOS.**

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

En determinadas zonas da cidade non se cobran as tasas por servicios prestados como "auga, lixo e sumidoiros", coa periodicidade establecida nas ordenanzas fiscais correspondentes (trimestralmente), de xeito que os usuarios afrontan liquidacións que inclúen varios trimestres e que ven incrementado o seu importe por esta acumulación. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que procedan a cumprir as ordenanzas fiscais e cobren os servizos municipais nos prazos estabrecidos.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** ... Ten a palabra a concelleira Cristina Sanz.

- **CRISTINA SANZ ARIAS:** Ben, moitas grazas, señora alcaldesa. Reitérolle os parabéns que xa lle trasladei previamente e tamén os parabéns á nova voceira, a señora Abelleira. E bo día ao resto das concelleiras e concelleiros.

Bien, desde el Grupo Municipal Popular pretendemos hace una oposición constructiva, una oposición en positivo, por lo que la presente iniciativa la traemos en modo de ruego y no como proposición para que no precise ser votada y respecto a la que esperamos que sea aceptada, tal y como está planteada por el gobierno municipal.

Desde nuestro grupo, pretendemos mejorar la vida de los lucenses y dar voz en este pleno a esas demandas que nos plantean a diario en la calle.

En este caso el ruego se refiere a la liquidación y plazos de pago que se le da a vecinos de algunas zonas de la ciudad en relación con la tasa municipal de agua, basura y sumideros.

Estos vecinos nos trasladan su queja porque los recibos, en lugar de notificárseles trimestralmente, tal y como establecen las ordenanzas fiscales, el Concello los agrupa, les envía varios juntos, en periodos de tiempo que no obedecen absolutamente a ningún criterio y que se ven obligados a pagar de una sola vez, a pesar de que se trata de recibos que deberían de pagarse en varios periodos.

Bien, para reflejar mejor el contenido de este ruego voy a referirme a un ejemplo muy reciente, cambiando el nombre del sujeto pasivo, así como la normativa que ampara esta liquidación y por tanto este ruego.


MURALLA
patrimonio da humanidade

Don José Pérez López, nombre inventado, vecino de Lugo, Código Postal 27003, eso sí que es real, acaba de recibir estos cuatro recibos por la tasa municipal de agua, basura y sumideros, recibos que corresponden, atención, con el tercer y cuartro trimestre del año 21 y el segundo y primer trimestre del año 2022.

El importe de estos recibos, notificados el 5 de enero del 24, tiene que pagarse conjuntamente, por un importe que asciende a 209,61 euros, cuando lo que correspondería era que el Concello remitiese las notificaciones... Esta en octubre del 21. El sujeto pasivo solo pagaría 51 euros. Esta en enero del 22, pagaría 54; esta en abril del 22, pagaría 54, y esta en julio del 22 y pagaría 48. Y no tener que pagar ahora el 24 la suma de todos ellos una sola vez.

Bien, esta situación refleja dos grandes problemas de gestión por parte de este Concello. En primer lugar, agrupar cuatro recibos para el cobro de un pago conjunto en contra de la normativa en lugar de hacerlo a lo largo de los catro trimestres que tiene un ano, máxime cando la situación de muchas economías domésticas está muy ajustada y no son capaces de prever y afrontar este gasto así de repende.

Y en segundo lugar, que estamos en el año 24 y solo notifican hasta el segundo trimestre del año 22. Es decir, a don José aun le queda por recibir la liquidación del tercer y cuarto trimestre del año 22 y la del primero, segundo, tercero y cuarto trimestre del año 23.

Pobre don José como al Consello se le ocurra notificarle esas seis liquidaciones pendientes conjuntamente.

¿Y qué dice la normativa municipal respecto a esta materia? Pues el pago de la tasa de agua, basura y sumideros está reguladane la ordenanza 107, 108, 109 y en la ordenanza fiscal general.

De la lectura conjunta de este texto legal vemos que el Concello está incumpliendo, ya que según se establece en el artículo 37.3 e) ...

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitasgrazas. Señora Sanz. Acabouse o seu tempo. Ten a palabra o concelleiro de Goberno, Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Todos aqueles contribuíntes que tramiten o correspondente contrato de alta na subministración de auga e que para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen instalen un contador debidamente homologado o servizo de augas está facendo lecturas periódicas trimestrais e, rematado o trimestre, procede a aprobar os recibos de auga que se pasan o cobro trimestralmente.

Agora ben, nalgúns casos detéctanse consumos en vivendas ou locais que non teñen formalizado o preceptivo contrato de alta no subministro de auga, ou ben presentan a solicitude de alta, pero non achegan a documentación necesaria para a súa tramitación. Licencia de apertura ou comunicación previa ao exercicio de actividades ou apertura de establecimiento, ou título habilitante de natureza urbanística, licencia de primeira ocupación ou comunicación previa de primeira ocupación, certificado expedido polo Concello sobre a posibilidade de sancións para restablecer a legalidade urbanística alterada e a sobre a prescrición da acción

para sancionar relativa a dita edificación, que é obrigatorio segundo a normativa da Lei do Solo de Galicia, artigos 142.4 e 142.5 e a ordenanza fiscal reguladora das taxas polo Servicio Municipal de Subministración de auga potable a domicilio, artigo 13.

A ordenanza fiscal reguladora das taxas polo Servizo Municipal de Subministración de auga potable a domicilio dispón que nos casos en que se detecte ou comprobe polos lectores a existencia de consumos de auga con anterioridade á formalización do preceptivo contrato de suministro, procederase a xirar unha liquidación polo importe dos mínimos establecidos na cota de aboamomento, segundo o uso doméstico ou industrial, dende que se teña coñecemento da existencia de consumo de auga ata a data de formalización do contrato, sempre dentro do prazo de prescrición legalmente establecido.

Detectados consumos de auga e determinados contribuíntes, que por non ter a documentación presentada, licencia de obras, licencia de apertura, de primeira ocupación, etc. non é posible causar alta no servizo, créase a correspondente unidade fiscal para que os lectores poidan facer lecturas trimestrais dos contadores instalados e o servizo de augas procede a regularizar estes consumos mediante a aprobación de liquidacións. Todo isoco fin de que eses contribuíntes paguen os consumos de auga ata que poidan regularizar a súa situación tributaria.

En todo caso, aínda que se aproben liquidacións de varios períodos impositivos, sempre se emiten por consumos trimestrais de lecturas do contador tomadas polo lector e, no caso de que nalgún trimestre non se tivese tomado lectura, pois pola ausencia do titular, imposibilidade de acceder ao contador, etcétera, faise por prorrateo de consumos, precisamente para que cada liquidación se aprobe conforme a consumos trimestrais e non se facturen importes elevados por acumulación de consumos.

Por tanto, este servizo está cumprindo co disposto na normativa municipal e na norma urbanística.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE POÑAN EN MARCHA ACCIÓNS FORMATIVAS EN CONCORDANCIA COAS NECESIDADES DO MERCADO LABORAL DO NOSO CONCELLO.**

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

La población migrante es uno de los sectores con más problemas para encontrar un empleo.

La formación específica y la mejora de sus competencias y habilidades sociales es clave para la integración de este colectivo en el mercado laboral.

Los puestos más demandados actualmente son aquellos que precisan una más alta cualificación profesional ya que el nivel de formación académica fue incrementando en los últimos tiempos. Esto provoca que los puestos que exigen una cualificación más baja se queden muchas veces sin cubrir ya que no son demandados por la población en búsqueda activa de empleo.

De esta forma, empleos tan esenciales para la actividad económica de nuestro municipio, como los asociados a los sectores hostelería, restauración y agrario son difíciles de cubrir.

Y cubrir estas vacantes con personas migrantes carentes de formación específica o requisitos de capacitación para acceder al puesto es mucho más difícil de lo que en principio puede parecer.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un ruego ante este Pleno para que se pongan en marcha acciones formativas en concordancia con las necesidades del mercado laboral de nuestro municipio.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao portavoz. Moi ben, ao señor concelleiro Gustavo Díaz.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, alcaldesa. Quiero reiterar también felicitaciones a usted y a todo su equipo. Hoy traemos a este pleno dos importantes realidades que afectan al desarrollo económico y social de este municipio, dos realidades que podrían llegar a complementarse con el impulso y la voluntad de la administración.

Por un lado, la preocupación generalizada por parte de los hosteleros por la falta de personal para cubrir sus puestos de trabajo. Por otra parte, existen colectivos importantes en nuestra ciudad que non consigan acceder a algunos puestos de trabajo por la falta de formación adecuada y requerida para ello.

Un ejemplo es el colectivo de los migrantes, que constantemente nos traslada esta necesidad. Mejorar sus oporrtunidades de empleo es un elemento fundamental para su integración social. Los programas formativos son una pieza clave en su proceso de integración en la sociedad y en el mercado laboral. En muchos casos el paso número 1 para entrar en el mundo del trabajo es formarse en aquellos sectores más demandados.

La hostalería es un sector altamente competitivo y dinámico y los hosteleros buscan personal cualificado. Es un sector donde la calidad del servicio al cliente es esencial para el éxito y el crecimiento.

Contar con personal cualificado y comprometido es fundamental para garantizar la satisfacción de los clientes y la eficiencia operativa.

Faltan profesionales y muchos candidatos llegan de sectores ajenos. Eso provoca que las curvas de aprendizaje sean más largas y los trabajadores menos productivos.

Por otra parte, en muchos casos el acceso al mercado laboral está supeditado a disponer del carné de conducir, como sucede, por ejemplo, en el sector agroganadero, no solo debido a la gran dispersión de las explotaciones hasta las que hay que desprazarse, sino tamén por la necesidad imprescindible del manejo de maquinaria propia de la actividad.

Es por tanto muy necesario para este colectivo obtener el permiso de conducir como herramienta de trabajo.
Un colectivo que está muy lejos de tener la oportunidad de obtenerlo y esto es un obstáculo para su inclusión.
Para resolver parte de este desajuste entre la oferta y la demanda en el empleo se deben potenciar acciones formativas ajustadas al mercado laboral de este municipio, como son la formación para la obtención del carné de conducir y la formación en hostelería.
Uno de los sectores que lideran la creación de empleo en nuestro municipio.
Desde el grupo municipal del Partido Popular entendemos que debe ser objetivo prioritario facilitar desde desde el poder político la puesta en marcha de esta iniciativa, porque la consideramos fundamental para asegurar una integración exitosa de este colectivo e imprescindible para dar respuesta a las necesidades de nuestro tejido empresarial.
Por todo lo expuesto presentamos un ruego para que se pongan en marcha estas acciones formativas, formación para la obtención del carné de conducir y formación específica para el sector de hostelería en todas sus especialidades. Muchas gracias.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra o concelleiro de Goberno, Mauricio Repetto.

- **MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN:** Gracias, alcaldesa. Buenos días a todas y a todos. Señor Díaz, de verdad, me parece que non está haciendosu labor de oposición. No hay un seguimiento a todo lo que se está haciendo por parte de este equipo de gobierno, liderado por nuestra alcaldesa. Se han llevado a cabo acciones formativas desde el CEI-Nodus para fomentar el emprendimiento desde colaborar con asociaciones que trabajan con el colectivo inmigrante, que han tenido todas un resultado y un éxito abrumador.
Se ha llevado a cabo Fórmate Lugo con más de 800 personas que han participado y que han acabado su formación, donde un alto porcentaje son inmigrantes y las formaciones también son diversas, porque también el mercado laboral es muy diverso.
Lugo Job, con más de 1.150 personas que han participado, donde también un alto porcentaje son inmigrantes.
Desde el área de Xuventude se lle van a cabo acciones formativas, además del ocio saludable, a través del Servicio de Prevención de Drogodependencias, donde se imparte formación, entre otras cosas también, desde cursos de carretillero, para sacar el carné de conducir, el CAP, que sabemos que también hay una alta demanda por parte del mercado laboral.
Pero también tenemos un servicio de orientación laboral donde hemos atendido a más de 5.000 usuarios, y el 40% de esos 5.000 usuarios son inmigrantes, donde se les hace un seguimiento y una intermediación laboral donde ellos participan y se les

hace una hoja de ruta y se les pone en contacto también con empresas que están demandando sus perfiles.

Entonces creeemos que debe ser una oposición un poco más responsable, un poco máis seria, porque todo esto ya se está haciendo, entonces simplemente decir que las competencias de empleo y de formación son de la Xunta de Galicia.

Evidentemente, para nosotros es una incumbencia y es una prioridad porque los inmigrantes para este equipo de gobierno y para esta ciudad son un pilar fundamental.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CONVOCAR A COMISIÓN DO RUEIRO Á MAIOR BREVIDADE.**

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

O Grupo Municipal del Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se proceda a convocar a comisión do rueiro á maior brevidade. No mes de xullo de 2022 o pleno acordou instar a súa convocatoria, pero a día de hoxe aínda non se levou a cabo.

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao concelleiro do Grupo Popular, Agustín Gallego.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, moitas grazas e bos días. Transmitirlles as felicitacións tanto á señora presidenta polo cargo como á nova portavoz e moitosacertos que sempre serán en favor dos lucenses.

Desde o grupo municipal do Partido Popular presentamos este rogo instando a la convocatoria de la Comisión del Rueiro a la mayor brevedad posible. Recordamos que en el pleno de julio del 2022 se acordó dicha convocatoria.

Lamentablemente y a pesar del tiempo transcurrido nos preocupa constatar que la convocatoria de la Comisión del Rueiro aun no se ha llevado a cabo.

Esta situación transluce dejadez por parte del gobierno y posterga la posibilidade de abordar asuntos importantes para nuestra comunidad.

Exhortamos a que se tomen las medidas para cumplir con el compromiso adquirido en julio del 22, asegurando así la resolución de las cuestiones pertinentes a dicha comisión.

La participación activa, el diálogo, son fundamentales para seguir avanzando y confiamos en la pronta atención de este ruego y agradecemos la consideración. Muchas gracias.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego. Doulle a palabra á concelleira de Goberno, Maite Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN** ... Señor Gallego, esa moción presentouse no mes de xullo de 2022, pero non se presentou tal e como vostede di.

Eu creo que lle conviña a revisar as actas ou revisar... Entendo que vostede non estaba daquela, pero os seus compañeiros e compañeiras debíanlle amosar esa acta, porque nesa data dese pleno a moción que vostedes presentaron é pedir que na Comisión de Rueiros se estudiase a petición para dar unha rúa a un nome a unha persona concreta. A un nome en concreto dunhapersoa.

E nese pleno o que se valorou é que esa proposta se ía debatir na Comisión do Rueiro na próxima convocatoria que se celebrase. Non houbo comisión do Rueiro, porque non hai rúas para nomear. Non hai rúas novas, que é o mesmo que dixemos naquel momento.

Efectivamente, no momento en que haxa esas rúas para poñelles nome, convocaremos á comisión e estudaranse todas as propostas que estamos recollendo, porque estamos recollendo moitas propostas da veciñanza, porque si que nos trasladan propostas de nomes e estámolas recollendo todo e gardándoas todas para valorar o día que se celebra a comisión.

Pero xalle digo, nese pleno non se aprobou a creación da comisión, aprobouse que se ía levar esa proposta que o Partido Popular presentou aquel 29 de xullo do 2022, á Comisión do Rueiro cando se convocase.

Polo tanto, insisto, vaise convocar a Comisión do Rueiro cando haxa a necesidade de nomear novas rúas. Grazas.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES E COMECE A FUNCIONAR O TAXI A DEMANDA NO RURAL DE LUGO.**

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

No ano 2021 Ruben Arroxo, voceiro do grupo municipal do BNG, visitaba a cidade de Pontevedra para comprobar de primeira man como se estaba preparando neste municipio o servicio de taxi a demanda, un compromiso adquirido por este grupo no seu programa electoral do ano 2019, que non foi capaz de implantar "por falta de tempo".

O pasado mes de novembro o sr. Arroxo confirmaba que o BNG estaba a traballar no modelo de implantación e na modificación da ordenanza que regula o servicio de taxis no municipio.

O Grupo municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se axilicen os trámites e comece a funcionar o Taxi a demanda no rural de Lugo.

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Señor secretario.

- **SECRETARIO:** Seguinte rogo do grupo municipal do Partido Popular, número 30/2024 de rexistro de pleno para que se axilicen os trámites e comece a funcionar o taxi a demanda no rural de Lugo.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** ... Doulle a palabra á concelleira, señora Goás.

- **AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Buenos días. Señora Alvarellos, también quiero desearle mi enhorabuena por su nuevo cargo. Creo que ser alcaldesa de Lugo es lo mejor que le puede suceder a culquier persona en la vida. Enhorabuena también a la señora Abelleira en su puesto como portavoz.
No ano 2021, Rubén Arroxo, voceiro do grupo municipal do BNG, visitaba a cidade de Pontevedra para comprobar de primeira man como se estaba preparando neste municipio o servizo de taxi a demanda, un compromiso adquirido por este grupo no seu programa electoral do ano 2019, que non foi capaz de implantar, dixo, por falta de tempo.
O pasado mes de novembro o señor Arroxo confirmaba que o BNG estaba a traballar no modelo de implantación e na modificación da ordenanza que regula o servizo de taxis no municipio.
Cremos que este servizo é fundamental e moi importante, dada a mala situación das comunicacións nas nosas parroquias.
O grupo municipal do Partido Popular presenta un rogo a pleno para que se axilicen os trámites e comece a funcionar o taxi a demanda no rural de Lugo.
Por outra parte, servizo moi demandado cando se fala cos veciños. Moitas grazas.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Goás. Doulle a palabra a Rubén Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas e bo día. Primeiramente, dúas aclaracións. O BNG non está traballando nese servizo, está traballando o goberno municipal. E despois que non é un servizo de taxi a demanda, é un servizo de transporte a demanda. Porque isto vai ter que ser unha licitación pública, que se pode presentar o colectivo dos taxis ou pódese presentar calquera outro. Non se pode dar a dedo, evidentemente.
Este é un servizo que pretende cubrir en torno aos 60% do territorio rural que non está cuberto nin co transporte urbano nin co transporte metropolitano.
E un servizo que a día de hoxe non é... É dicir, que non houbo capacidade para facer, e que realmente só hai un concello galego que o teña a día de hoxe. E Lugo vai ser o segundo. Entón, se Lugo vai ser o segundo e non ten capacidade, que terán os outros 311?
Entón é algo que está moi avanzado, estamos rematando a ordenanza, que é o paso previo para podelo xestionar e para que o propio colectivo dos taxis se poida presentar, senón non poderían presentarse, é un paso previo e unha vez que estea rematada esa ordenanza, seguiremos co camiño. Esta é unha xestión

administrativa moi complexa, porque só un concello o conseguiu facer despois de 12 anos.
E nós imos ser o segundo. Temos a ruta marcada, pero leva o seu tempo. Neste mandato, dende logo, vai estar a funcionar e se non é no vindeiro pleno será no seguinte, traerase a este pleno a ordenanza para ser modificada e para que ese colectivo se poida presentar, que ollo, non quita que se poida presentar calquera outra empresa privada ou quen o considere.

**Abandona a sesión dona Olga López Racamonde**

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN DO CENTRO DE LUGO.**

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:
As obras da peonalización do centro de Lugo non están a cumprir os prazos inicialmente previstos.
O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, as seguintes preguntas:
1. Cal é a previsión temporal da finalización das obras entre a porta da muralla “Bispo Odoario” e Praza do Ferrol?
2. Cal é a previsión temporal da finalización das obras na Praza do Ferrol?
3. Cal é a previsión temporal da finalización das obras entre a Praza de Santo Domingo e Rúa do Teatro?

**DELIBERACIÓN**

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** ... Pásolle a palabra ao portavoz do Partido Popular.

**- RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** No pasado mes de xullo, o grupo municipal do PP presentou unha proposición para revisar, ou, no seu caso, mellorar os proxectos de execución correspondentes á iniciativa Corazón Verde.
E no mes de novembro solicitou un pleno extraordinario e presenta unha proposición para que asumise compromiso de cumprimento de prazos, compensación de prexuizos e coordinación das obras, así como de información pública.
O goberno municipal rexeitou ambas e o que ocorre é que as obras de reurbanización e repavimentación, coa penalización xa veremos o que ocorre, na Praza de Ferrol tiñan, falo en pasado porque xa non ocorrerá, unha duración máxima de oito meses, que suporía telas rematadas o 11 de decembro de 2023.

As rúas Montevideo, Bolaño Rivadeneira, así como a praza de San Domingo, e a Rúa do Teatro terían, falo en futuro hipotético, porque iso si que aínda podería ocorrer, unha duración máxima de dez meses, que suporías telas rematadas ou 23 de abril de 2024.

O custo desta iniciativa, estimado de xeito moi prudente para a administración local, ou sexa, para os veciños de Lugo, non para Europa, estará moi por riba dos 5 millóns de euros. Posiblemente chegaremos aos seis.

Despois de ter que reparar a desfeita de todas as pavimentacións mal feitas, véxase Quiroga Ballesteros ou estragadas, véxase San Marcos ou Rúa Nova, que estamos acumulando no haber da xestión municipal.

Non escoitaron aos veciños, comerciantes, profesionais, técnicos e tampouco nos escoitaron a nós, e finalmente esta traxedia para os veciños terminou chegando.

O que nós sabemos agora é qué se ten prazo de remate este prexuízo para todos os colectivos que estamos sufrindo esta iniciativa e cándo sería iso. Cando correría? Grazas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moi ben, grazas. Agora si, doulle a palabra á alcaldesa, Paula Alvarellos. Catro minutos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Non, non vou a botar os catro minutos. Creo que me vou cinguir ás preguntas que iso é o importante. Toda a demais literatura que poida poñer e a súa apreciación persoal vouna obviar.

Eu vou contestar ás preguntas que fixeron ao pleno que o que debo facer. Pois respecto á previsión temporal porta Bispo Odoario e Praza do Ferrol, rúa Montevideo, o prazo de execución é de dez meses e comenzou en abril do ano 2023. Polo tanto, está en prazo.

Praza do Ferrol: o prazo de execución estableceuse en oito meses. Comezou en abril do ano 23. Rematou o prazo, como saben, en decembro do 23. Polo tanto, está en prazo, dentro da prórroga que foi concedida que remata en febreiro do ano 2024.

Praza de Santo Domingo, prazo de execución: 10 meses. Comezou en xuño do 23. Polo tanto, está en prazo. E todas elas sen perxuízo de que haxa trámites que realizar previstos na lei. Polo tanto, esas son a contestación ás preguntas que me fan de previsión temporal do proxecto Corazón Verde.

**B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS EXPROPIACIÓNS DE TAPÓNS URBANÍSTICOS.**

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

Dentro do plan de investimentos do Concello de Lugo figuran 210.900€ para expropiacións de tapóns urbanísticos.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, as seguintes preguntas:

1. Cales son os tapóns que se eliminarán?
2. Cal é a previsión temporal?

**DELIBERACIÓN**

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Quenda para a portavoz do Partido Popular. Dous minutos.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias. Bueno, yo al igual que todos mis compañeros le deseo a la nueva alcaldesa todo lo mejor, así como al resto que asumen nuevas responsabilidades.

Dentro del plan de inversión, el presupuesto para este año 2024 figuran 210.900 euros para expropiaciones de tapones urbanísticos.

El pasado 16 de enero, hace casi 10 días, registramos dos preguntas para este pleno. Que tapones eliminarían y cuál era la previsión temporal. El respeto institucional que ustedes tienen es tal que ayer nos contestaban a través de redes sociales y de la prensa.

Pero por fin vemos como después de varios mandatos, no años, sino mandatos, por fin se ponen a trabajar en algo tan demandado por los lucenses y que tantas veces pedimos desde el grupo municipal del Partido Popular.

Nos alegra que por fin no den su brazo a torcer y que sigan la senda del Partido Popular, que sigan el modelo de ciudad que empezó el grupo municipal del Partido Popular con Tomás Notario como alcalde y después con Joaquín García Díez.

Porque, recordemos, que cuando Joaquín García Díez era alcalde se eliminaron 14 tapones urbanísticos en un mandato. Doce tapóns por año. Ustedes empiezan con tres, más vale tarde que nunca, pero esperamos que cojan ritmo y que no se queden ahí, que non vuelvan una vez más con la misma cantinela de todos los plenos.

¿Qué es competencia de la Xunta y que están asumindo competencias impropias? Porque con esta cantinela ustedes ni trabajan ni dejan trabajar.

Entonces yo insisto, que ya nos contestaron a través de las redes sociales y la prensa, pero, reitero las preguntas. ¿Cuáles son los tapones que se eliminarán y cuál es la previsión temporal? Muchas gracias.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, quenda agora para a alcaldesa, Paula Alvarellos. Catro minutos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas, señora Carballas.

Non vou contestar ese ton un un pouco agresivo e tampouco vou facer valoracións doutros alcaldes, como Joaquín García Díez, como comprenderá. Creo que non ven ao conto e aquí estamos falando dos tapóns urbanísticos que se van abordar,

que estaban programados e que xa lle contestei. Agora queren saber os nomes, pois teñen os nomes.

Son os do Camiño de Pipín, a rúa Maceira cao rúa Juana la Loca e outro que se está tamén tratando na avenida da Coruña.

Nos dous primeiros obterase a propiedade pola vía da expropiación forzosa. Hai que elaborar o proxecto, tramitar o proxecto, aprobación inicial, información pública, notificacións individuais a cada un dos propietarios, etcétera. E aprobación definitiva. E despois demoler e executar a obra, demolición do edificio existente, urbanizar a zona onde se demoleron. Iso nos dous primeiros, no do camiño de Pipín e a rúa Mazaira.

O tereceiro deles está avanzando polo sistema de permuta, porque como xa lles avancei na comisión correspondente, hai outros sistemas tamén para adquirir a propiedade.

E tamén ten unha serie de tramitacións, unha exposición pública, ten que ter primeiro as negociacións, que xalle podo dicir que están moi avanzadas, o convenio, a exposición pública, a Xunta de Goberno Local e publicación no DOGA.

Polo tanto, esa segunda pregunta que teñen moita afición a poñer: cal é a previsión temporal? Pois como saberá a tramitación é longa e administrativa e, en parte, son negociacións, en parte son expropiacións, xa pode facerse vostede, dende logo eu non vou poñer unha data porque sabe como son estas tramitacións: longas.

Pero o importante é que nestes orzamentos xa está previsto unha cantidade para continuar coa eliminación dos tapóns urbanísticos en Lugo. Moitas grazas.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 33/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO DE MAGOI.**

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

En repetidas ocasións preguntamos pola finalización das obras do Auditorio de Magoi, xa que estas deberían estar rematadas.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO as seguintes preguntas:

1. Ten xa o Concello de Lugo no seu poder os documentos “certificado final de obra” e “acta de recepción” relativas as obras que se levaron a cabo no Auditorio de Magoi das que se nos informou que foron rematadas en prazo, conforme a un proxecto técnico, no pasado mes de novembro?
2. En caso favorable, poden achegar copia dos documentos para a súa incorporación á acta que se levante tras a celebración desta comisión?
3. En caso desfavorable, cal é a causa desa demora?

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora concelleira, Silvia Colmenero, doulle a palabra.

- **SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Muchas gracias, señora presidenta. Yo también le deseo éxitos en esta nueva etapa al frente de la alcaldía y felicitaciones.

Insistimos en traer al pleno de nuevo esta pregunta sobre el Auditorio Municipal de Magoi, una infraestructura en manos del Concello desde junio, hay que recordarlo, del año 2022. Más de tres años y medio.

¿Y por qué insistimos? ¿Por qué volvemos a preguntar? Pues por dos motivos fundamentales. EL primero y el principal, porque no queremos que esta dotación cultural continúe cerrada. No lo quieren los lucenses, no lo queremos nosotros como grupo municipal y como vecinos que también somos de Lugo, y entiendo que tampoco lo desean ustedes, pero algo no está salindo bien, porque parece que no hay prisa. Y el segundo motivo, y no menos importante, es porque consideramos que hemos sido correctamente contestados cuando preguntamos por este asunto.

Teníamos la certeza, según se nos dejo en condiciones de octubre y de noviembre, que había un proyecto técnico, un proyecto técnico cuyas obras remataron el 3 de noviembre.

Y estábamos pendientes de dos documentos, un certificado final de obra y un acta de recepción.

Cuando preguntamos por estos dos documentos en el pleno de diciembre se nos contesta que nunca va a haber un certificado final de obra. Y esto pues nos siembra dudas. Creo que no nos han mentido, simplemente ha sido un error de comunicación o interpretación entre las partes. Esperemos que nos lo aclaren ahora, pero lo que no podemos admitir de ningún modo es que nos digan que la apertura del auditorio se retrasa, porque aquello es un queso Gruyere y que tienen que hacer unas obras que se requiere... que son de tal envergadura que se requiere un proyecto y después que no hay un certificado final de obra.

Si hay un proyecto, hay un certificado final de obra.

Si no hay un certificado final de obra es porque no ha habido proyecto, no hay proyecto. Hay una simple memoria técnica de deficiencias.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Rematou o tempo. Grazas. Quenda agora de catro minutos para a alcaldesa, Paula Alvarellos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas. E si, fixeron esas preguntas na tal, pero eu creo que tampouco chegaron a entender o que lle dicía.

Non hai certificado final de obra porque non é unha obra privada. Falabamos de acta de recepción. Naquelas preguntas que facía na comisión non falaba da acta de recepción e por iso lle dicía: o que temos que facer nós desde o punto de vista como administración pública nunha dotación pública o que facemos é a acta de recepción, que, como expliquei naquel momento, interveñen tanto o servizo de

Intervención municipal, como o servizo xestor, como os técnicos municipais para facer ese acta de recepción.

E xa lle pode dicir agora mesmo que si que está feita a acta de recepción.

Entón esa é a pregunta e esa é a contestación. De todas formas tamén quería... Non quero, non quero perder a ocasión de contestarlle a iso que tamén di vostede. "Algo no está saliendo bien". Algo non está saíndo ben. Algo non leva saíndo ben desde que recepcionamos.

A Xunta de Galicia é un todo un coñecedor de como entregou ese proxecto, un proxecto bonito, un proxecto creo que importante, ao mellor non moi adecuado á cidade de Lugo por determinadas cuestións técnicas, pero un gran proxecto.

O problema dese proxecto foi a execución e está claro que a Administración autonómica encargou un edificio e non se preocupou para nada unha vez adxudicada as obras ao contratista, ao arquitecto, a todos... Non se volveu preocupar. Defectos de todo tipo.

Pasaron moitas empresas, non só técnicos municipais, ata 250 taras e defectos. A primeira empresa que entrou alí en velo. Pero é que cada día que pasa é moitísimo máis. Cada día que pasa foi a máis. Levamos gastados 500.000 euros como lle trasladou a alcaldesa Lara Méndez comigo ao señor Rueda, e cada vez que se abre, e cada vez que pasa un mes máis, outro defecto máis, con vicios ocultos, vicios ocultos moi importantes, que os demandaremos xudicialmente, porque aí hai vicios ocultos.

Pero quero darlle a alegría e comunicar que temos acta de recepción. Polo tanto, iso non queredicir que non sigan aparecendo sucesivamente taras, porque van aparecer polo tipo de execución que se levou a cabo por parte do goberno autonómico.

Polo tanto, quero dicirlle iso. Respecto ás seguintes preguntas, creo que non teño que contestalas. A segunda é un copia e pega, porque se dirixe a unha comisión que se adxunta a acta da Comisión, polo tanto, xa non lle contesto, porque é un copia e pega doutra cousa que non sei que é, polo tanto tamén fixese un pouquiño máis niso.

En caso desfavorable, cal é a demora?Tampouco teño que contestala porque xa está a acta de recepción do Auditorio de Lugo. Moitas grazas.

**D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 34/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DE ESCRITURAS AOS VECIÑOS DO BARRIO DA CROA.**

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

O barrio de A Croa leva anos pendente da entrega de escrituras aos veciños.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, as seguintes PREGUNTAS ante o PLENO:

1. Por qué non se entregaron todavía as escrituras de propiedade das vivendas de A Croa?

2. En que punto se atopa dita tramitación?

**DELIBERACIÓN**

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra á concelleira do Grupo Municipal Popular.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Moi bos días a todos e a todas. Eu tamén me úno, como os meus compañeiros a desexarlle moito éxito nesta nova etapa.
O barrico da Croa leva anos pendente da entrega de escrituras aos veciños. O grupo municipal do Partido Popular presenta as seguintes preguntas ante este pleno. Por que non se entregaron aínda as escrituras de propiedade das vivendas da Croa? En que punto se atopa dita tramitación?

- **RUBÉN ARROXO FERNÁDEZ:** Grazas. Quenda agora para a alcaldesa, Paula Alvarellos. Catro minutos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Rubinos, moitas gracias tamén pola felicitación. E, mire, non se entregaron aínda as escrituras de propiedade porque aínda non as temos, evidentemente, senón así sería.
É que creo que aquí hai un erro. Agora mesmo o que se está facendo é a escritura de parcelación, para que nós sexamos os donos delas para poder despois adxudicarllas aos vecinos da Croa.
A escritura de parcelación entregouse a documentación ao notario, que non foi asignado, como saben, nós cando temos que traballar cun notario vai a unha lista, vai a unha lista de quenda para que non sexa sempre o mesmo, senón que haxa un quenda, asignouse a un notario e entregáronselle os documentos en maio deste ano. Entregouse tamén toda a documentación relativa a cada unhas das propiedades desde o mes de maio. E desde ese momento xa non é unha documentación pública. Tamén quero poñelo sobre a mesa.
Está a elaborarse esa escritura de parcelación.
Houbo varias reunións. O notario solicitou algunha reunión, pero o que teño que dicirlles en esencia é que neste mes de xaneiro, a mediados de xaneiro, o notario deunos traslado do borrador da escritura de parcelación para que estudiasen os técnicos municipais a efectos da posible sinatura de dita escritura. Polo tanto, neste momento a escritura de parcelación está á espera de que se lle dea o OK a ese borrador que nos acaban de, estes días pasados, nos acaba de mandar o notario.
Polo tanto, creo que queda contestada toda... Teñen que esperar. Eu entendo que os veciños da Croa están ansiosos, teñen desexo de que se lle entregue iso, tal e como houbo ese compromiso, pero todo ten a súa tramitación e antes desa adxudicación ten que haber esa escritura de parcelación.
E, como lle digo, desde o mes de maio deste ano está en poder do notario que elaborou ese borrador que nos acaba de transmitir para estudo.

Polo tanto, esa é a contestación. Moitas grazas.

## D) MOCIÓNS DE URXENCIA

Rematado os asuntos comprendidos dentro da orde do día, sométese á consideración do Excmo. Concello Pleno para a súa resolución fóra da orde do día o seguinte asunto:

**- MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 46/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR AS AXUDAS ENCAMIÑADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS, REGULADAS NA ORDE DO 4 DE XANEIRO DE 2024 (Exp. 2024/G004/000043).**

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Para fundamentar a urxencia, non o contido, a urxencia, señora Sanz.

- **CRISTINA SANZ ARIAS:** Grazas, señora alcaldesa. O pasado venres 19 de xaneiro publicouse a axuda da Consellería de Economía e Industria para a habilitación e mellora de parques empresariais.
Cando se publicou xa estaba pechado o prazo para presentar iniciativas a este pleno e cando se celebre o previsible próximo pleno do mes de xaneiro xa estará pechado o prazo para solicitar as axudas. Ese é o motivo de urxencia porque estamos en terra de ninguén porque non hai prazo para debatilo en pleno durante o período de vixencia das axudas.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Sanz. Mire, antes de que votemos quero dicirlle que por suposto eramos coñecedores diso. Temos prazo ata o 19 de febreiro, non fai falta que haxa un novo pleno para... Pero tamén tendo que dicirlles que probablemente sexan coñecedores que xa dende o servicio de Fomento se pasou aos servizos correspondentes, porque están en estudo desa solicitude. Polo tanto, consideramos, como estamos xa traballando no expediente que non é necesaria esta urxencia, porque se está traballando nela.
Polo tanto, imos votar a urxencia.

Logo da súa xustificación, sométese a votación a declaración de urxencia previa, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 23

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 11 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, e ao non obterse o quórum de maioría absoluta legamente requirido, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia da moción, polo que non se entra no fondo do asunto.

**A continuación prodúcese un intercambio de pareceres sobre a necesidade da maioría absoluta:**

(Voces de fondo, inintelixibles)

- **INTERVENTOR: …** la ratificación de la urxencia es por mayoría absoluta**, y** la mayoría absoluta son trece… (voces de fondo) … Yo creo que no, eh.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** ... No tenemos ni porqué entrar ni porqué no entrar. Simplemente. Claro. Pois, nada continuamos… Non, non.
Miren, un momentiño, imos facer un receso porque se non o temos claro, e hai un... Non! Os técnicos que o determinen. Os técnicos que determinen porque é unha situación... É unha situación, non, non, non. Vou... Si? …

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: …** se vostede non sabía que unha das súas compoñentes estaba ausente, se hai algunha circunstancia sobrevida que xustifique esa ausencia... **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non, non o sei… **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** … Asegúrese. Non queremos aproveitarnos desa circunstancia…

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** … É un tema, estáme dicindo. Non o sabía porque... **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pódenos pasar a calquera. Agradezo ese receso.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Facemos un receso. Eu tamén agradezo a súa... Si, señor secretario.
-
**SECRETARIO: ...** Non hai dúbida ningunha, porque está moi claro no artigo 85 do ROMPE que di claramente: "se o seu resultado da votación fose positivo para que se requira o voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación,

procederase ao debate e votación". É dicir, a maioría legal son 13. Dos 25 son 13, non son dos asistentes, senón dos membros que conforman a Corporación.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor secretario. Pero, dito isto, eu se... Por iso, facemos un receso, sabemos o motivo por que saíu a concelleira, porque non o sabemos. De feito, parece que é por motivos de saúde que saí un pouco precipitada. Eu agradézolle ese momento de receso. Moitas grazas.

**RECESO.**

**NOTA: Cando son as doce horas e vinte e oito minutos retómase á sesión.**

A alcaldesa presidenta DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Simplemente retomamos. Non fai falta votar novamente. Non hai maioría absoluta. Está claro no regulamento do Pleno e no decreto da organización. Polo tanto xa está votado e queda rexeitada a uxencia.
De todas formas, quero darlle as grazas pola proposta de facer un receso nestes momentos. Ademáis un pouco nerviosos todos por saber que pasaba.
De todas formas, iso, quero darlles as grazas e queda concluso o pleno. Moitas grazas a todos e bo día a todos.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do expresado día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, secretario xeral do Pleno accidental, dou fe.**